

ASUNTO PLE/2022/00055745R

ACTA NÚM. 22 - SESIÓN ORDINARIA 21 DE DICIEMBRE DE 2022

No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Excmo. Concello de Santiago de Compostela, cando son as **10:39 horas** do día **21 de decembro de 2022**, constitúese o Pleno da Corporación en primeira convocatoria de sesión ordinaria.

ASISTEN:

Don Xosé A. Sánchez Bugallo, Alcalde-Presidente

PSdeG-PSOE:

Dona Mercedes Rosón Ferreiro
Don Gumersindo Guinarte Cabada
Dona María Milagros Castro Sánchez
Don Gonzalo Muíños Sánchez
Dona Marta Abal Rodríguez
Don José Manuel Pichel Patiño
Dona María Esther Pedrosa Carrete
Don Rubén Prol Mariño

PP:

Don Alejandro Sánchez-Brunete Varela
Dona María Angeles Antón Vilasánchez
Don José Antonio Constenla Ramos
Don Evaristo Ben Otero
Don Ramón de Jesús Quiroga Limia
Dona Beatriz Cigarrán Vicente (Incorpórase á sesión ás 11:00 horas)
Dona María Castelao Torres
Don Pedro José Rey Sanchiz

CA:

Dona Branca Petra Novo Rey
Dona Marta Irene Lois González
Don Jorge Carlos Duarte Vázquez
Dona María Rozas Pérez
Don Xan Xesús Duro Fernández

BNG:

Dona María Goretti Sanmartín Rei

Concelleiro non adscrito:

Don José Javier Fernández Martínez.

Don Juan Ramón González Carnero, interventor municipal.

José Manuel González García, vicesecretario do Concello de Santiago de Compostela.

Non asiste a concelleira Dona Navia Rivas de Castro.

ORDE DO DÍA:

1. SECRETARÍA XERAL. Referencia: 2022/00055745R.

Aprobación, se procede, das actas correspondentes ás sesións extraordinaria urxente e ordinaria dos días 14 e 30 de novembro de 2022.

2. PLANEAMENTO. Referencia: 2022/00014663C.

Aprobación inicial da modificación puntual do Plan xeral de ordenación municipal (PXOM) no ámbito do PERI-12. Antigo colexio Manuel Peleteiro.

3. MEDIO AMBIENTE E SANIDADE. Referencia: 2022/00055745R.

Ratificación da inclusión e aprobación, se procede, do proxecto para a renaturalización, mellora da biodiversidade e consolidación da infraestrutura verde.

4. AREA IX.- MEDIO RURAL. Referencia: 2022/00031266V.

Levantamento de reparo e aprobación, disposición e recoñecemento de obrigas correspondentes á obra “Ampliación da rede de abastecemento en Ponte Alvar”.

5. AREA IX.- MEDIO RURAL. Referencia: 2022/00038400K.

Levantamento de reparo e aprobación, disposición e recoñecemento de obrigas correspondentes á obra “Ampliación da rede de abastecemento en Piñeiro de Enfesta, Frades e Gunin (Enfesta).

6. OFICINA ORZAMENTARIA E CONTABILIDADE. Referencia: 2022-LRP-01.

Levantamento de reparo de competencia plenaria da relación da orde de pago emitida baixo o número P/2022/273.

7. OFICINA ORZAMENTARIA E CONTABILIDADE. Referencia: 2022-REC-03.

Levantamentos de reparo de competencia plenaria e o REC para aprobar gastos rexistrados na conta 413 e outros gastos devengados no exercicio 2021 por importe total de 221.446,05 euros.

8. Proposición da Corporación Municipal de Pacto polo Rural.

9. Proposición presentada polo grupo municipal do BNG para actualizar a normativa urbanística destinada a revitalizar a cidade histórica, coa protección dos edificios e do comercio tradicional, co obxectivo de incrementar o seu censo de residentes.

10. Proposición presentada polo grupo municipal de CA para que o concello continúe a impulsar novos itinerarios escolares seguros e a recuperación do programa “colecamiños”.

11. Proposición presentada polo grupo municipal do PP sobre o incremento da transparencia e a participación institucional por parte do goberno local.

12. Proposición presentada polo grupo municipal de CA para aumentar as axudas para a rehabilitación de edificios coa instalación de ascensores e os ámbitos para a súa aplicación.

13. Dar conta de resolucións da alcaldía, das concellarías delegadas e actas da Xunta de Goberno Local.

14. Comparecencia do concelleiro delegado de mobilidade, seguridade cidadá e festas.

15. Comparecencia do concelleiro de mobilidade e seguridade cidadá, barrios e relacións veciñais.

16. Rogos, preguntas e interpelacións.

Interpelación:

1. Formulada polo PP en relación á Vía Verde.

Rogos:

1. Formulado por CA sobre elementos perigosos na intersección da rúa dos Concheiros con Rodríguez de Viguri.
2. Formulado por CA para habilitar un espazo de “paso e parada” ou “estacionamento express” nas inmediacións da escola infantil de Conxo.
3. Formulado polo BNG para retirar os entullos e material de obra acumulados nunha parcela municipal en Salgueiriños.
4. Formulado polo PP para a axilización da autorización das tarxetas de aparcamento para persoas con mobilidade reducida ou dependencia.
5. Formulado por CA para eliminar a actual rotonda situada na rúa do Hórreo con San Pedro de Mezonzo.

Preguntas resposta oral:

1. Formulada polo PP sobre a falta de execución do proxecto de “acondicionamento do camiño agrícola en Requesende-Sabugueira”.
2. Formulada por CA sobre os traballos desenvolvidos polo tractor rozador adquirido con cargo aos orzamentos participativos.
3. Formulada por CA sobre o convenio entre o concello e a Xunta de Galicia para mellorar a accesibilidade e a mobilidade no contorno do CHUS.
4. Formulada polo BNG sobre pintado de paso de peóns na rúa do Campiño de San Francisco.
5. Formulada polo PP sobre a execución do proxecto para o aparcamento da rúa Triacastela.
6. Formulada polo PP sobre as vías municipais que foron obxecto de análise e modificación dos límites de velocidade.
7. Formulada polo PP sobre a inmediata protección do recinto deportivo de Figueiras e a previsión de licitación e execución das obras inconclusas.
8. Formulada por CA sobre horarios da biblioteca pública municipal “José Saramago”.

17. Toma en consideración de mocións presentadas polos grupos políticos municipais:

1. Presentada polo PP para urxir a licitación e execución da senda peonil a Figueiras e outras melloras na Aba do Monte Pedroso.
2. Presentada polo BNG para a mellora dos servizos básicos municipais no núcleo da Aba do Pedroso.
3. Presentada por CA para impulsar a senda peonil de Figueiras e acometer diferentes melloras reclamadas pola asociación veciñal Aba do Pedroso.
4. Presentada por CA para impulsar de forma urxente o Plan municipal de xuventude e unha convocatoria de proxectos para desenvolvelos no Centro Xove da Almaciga.
5. Presentada polo BNG para o urxente acondicionamento da praza da Mercé de Conxo.

6. Presentada polo PP para transparentar a xestión da “liña verde”.
7. Presentada por CA para que o concello e a Xunta de Galicia atendan e solucionen varias urxencias no CEIP López Ferreiro.
8. Presentada conxuntamente polos grupos municipais do BNG, de CA e do PSde-G-PSOE en relación á campaña da ILP para a regularización extraordinaria das persoas migrantes no estado español promovida pola Plataforma Esenciales.

Antes de comezar co estudo dos asuntos incluídos na orde do día, teñen lugar as seguintes intervencións:

Don Miguel Fernández Blanco, en representación da asociación Plataforma polo Emprego, en relación á moción sobre a campaña da ILP para a regularización das persoas migrantes.

Don José M. Durán Orus, en representación da asociación veciñal Raigame, en relación á urbanización no antigo colexio Manuel Peleteiro.

Dona Inés Pascual Roy, en representación das nais e pais de alumnado do colexio López Ferreiro, en relación ás deficiencias que presenta o devandito colexio.

Dona M^a Cruz Vázquez Veiga, en representación da Federación de AA.VV do Rural (FERUSA), en defensa do rural.

Don José Antonio Seijas Castro, en representación á Asociación Comercio Punto Compostela, en relación á urbanización do antigo colexio Manuel Peleteiro.

A continuación, sométese a votación, a declaración de urxencia para inclusión na orde do día da sesión, que é acordada por unanimidade dos/as presentes e que será tratado a continuación do punto núm. 7, como 7 bis, o seguinte punto:

ÁREA IV: URBANISMO E INFRAESTRUTURAS . Referencia: 2022/00002965P.

Recoñecemento de débeda por gastos derivados de asistencia a sesións da Comisión Asesora do Patrimonio Histórico.

Cumpriméntase así:

1. SECRETARÍA XERAL. Referencia: 2022/00055745R.

Aprobación, se procede, das actas correspondentes ás sesións extraordinaria urxente e ordinaria dos días 14 e 30 de novembro de 2022.

O Pleno da Corporación por unanimidade dos/as presentes aproba as actas correspondentes ás sesións extraordinaria urxente e ordinaria dos días 14 e 30 de novembro, respectivamente.

2. PLANEAMENTO. Referencia: 2022/00014663C.

Aprobación inicial da modificación puntual do Plan xeral de ordenación municipal (PXOM) no ámbito do PERI-12. Antigo colexio Manuel Peleteiro.

Incorpórase á sesión a concelleira Dona Beatriz Cigarrán Vicente cando son as 11:00 horas.

A proposta é do seguinte teor literal:

“A xefa da Sección de Xestión Urbanística, con data 14 de decembro de 2022 e en relación coa Modificación puntual do Plan xeral de ordenación municipal (PXOM) no ámbito do PERI-12 -antigo colexio Manuel Peleteiro-, emitiu o seguinte informe, ao que presta o seu conforme o secretario xeral:

“A modificación puntual ten por obxecto a reforma da ordenación establecida polo PXOM vixente no ámbito do PERI-12, ocupado polas antigas instalacións do Colexio *Manuel Peleteiro*.

1. ÁMBITO DA MODIFICACIÓN

O ámbito da actuación sitúase na confluencia das rúas de San Pedro de Mezonzo (números 27 e 29) e de República Arxentina (números 15 a 19).

O ámbito ten una superficie total de 5.280 m², e figura integrado polas seguintes parcelas catastrais:

- 7169315NH3476G0001XM
- 7169316NH3476G0001IM
- 7169317NH3476G0001JM

2. PLANEAMENTO VIXENTE

O vixente Plan xeral de ordenación municipal (PXOM), na disposición final 3ª da súa normativa, establece:

(....)

No caso da Modificación puntual para a creación da Ordenanza especial OE-4 aprobada definitivamente en data 30.06.03 estarase á ordenación definida no PERI-12, aprobado definitivamente o 19.04.05, que o Plan xeral incorpora como determinacións propias en solo urbano.

Polo tanto, o PXOM vixente incorpora as determinacións de ordenación establecidas nos instrumentos de planeamento aprobados con anterioridade (OE-4 e PERI-12), que se resumen como segue:

- Edificabilidade máxima: 23.500 m² construídos de uso lucrativo, mais 900 m²c de equipamento público

- Usos:

Comercial e restauración-ocio (Máximo 12.000, mínimo 10.000 m²c)

Hoteleiro e/ou residencial comunitario (máximo 7.000 m²c)

Vivenda (Máximo 4.500, 45 vivendas)

Oficinas

Dotacional (asistencial, docente, sanitario, recreativo, sociocultural, deportivo)

Garaxe-aparcadoiro (mínimo 400 prazas)

- Dotacións públicas:

Espazo libre público de 1.395 m² de superficie

Equipamento comunitario público de 900 m² construídos (en planta baixa ou primeira da nova edificación)

- Condicións de edificación: O PXOM incorpora a ordenación pormenorizada do volume edificable e do espazo público que fora definida no Plan especial aprobado no ano 2005 (PERI-12), co carácter de “*determinacións propias en solo urbano*”

Maila anulación xudicial dos instrumentos de planeamento aprobados con anterioridade, o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a través de varios autos firmes ditados en incidentes de execución, declarou a inexecutabilidade das sentenzas anulatorias e a plena vixencia das determinacións do planeamento incorporado ao PXOM.

3. EXECUCIÓN DO PLANEAMENTO VIXENTE

Para executar a ordenación do PERI-12, promoveuse pola Xunta de Compensación do polígono un **proxecto de equidistribución**, que consta aprobado definitivamente pola Xunta de Goberno Local o 26 de decembro de 2005.

A aprobación definitiva deste proxecto produciu a subrogación real do predio achegado por dúas parcelas edificables de reemprazo (parcelas 1 e 2), que quedaron afectas á obriga de construír un local de 900 m² construídos integrado nas plantas baixa e primeira da edificación, con destino a equipamento de dominio público. Así mesmo, determinou a cesión ao Concello de Santiago dun espazo libre público de 1.395 m² de superficie (parcela 3).

A cesión do 10% de aproveitamento ao Concello concretouse mediante unha compensación en metálico por importe de 2.586.431,66 euros¹, que consta ingresada polos anteriores propietarios en xullo de 2006.

O parcelario catastral recolle a parcelación do proxecto de compensación aprobado, pero este non chegou a inscribirse no Rexistro da Propiedade, constando inscrito o predio de orixe (finca rexistral 2790) a nome de ARQURA HOMES FONDO DE ACTIVOS BANCARIOS.

O Concello ten iniciado, por Resolución 2022/3305, un **expediente complementario** da equidistribución aprobada co fin de acadar a súa inscrición no Rexistro da Propiedade.

Non consta que se tivera executado no ámbito actuación algunha de urbanización, nin de nova edificación, manténdose a parcela pechada e na mesma situación física anterior á aprobación da equidistribución.

O Tribunal Supremo, en dúas sentenzas ditadas no ano 2012 (Recursos 4377/2009 e 4457/2009), declarou que os terreos afectados tiñan a consideración de solo urbano consolidado.

En incidentes posteriores de execución os tribunais declararon a firmeza do acto de aprobación definitiva do proxecto de compensación aprobado, que conserva así plena validez e efectos xurídicos consonte ao disposto polo artigo 73 da Lei reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

4. XUSTIFICACIÓN DA MODIFICACIÓN

¹ No expediente administrativo fixouse o valor urbanístico do aproveitamento municipal na suma de 3.328.031,66 euros (sen IVE), se ben detraeuse o custo de construción do equipamento a entregar ao Concello (que se valorou en 741.600 euros), resultando a cantidade de 2.586.431,66 euros a aboar en metálico polos propietarios.

A presente modificación puntual ten a súa orixe nun acordo adoptado polo Pleno Municipal o 18.05.2017, que dá conta da aparición de novas necesidades de interese público que aconsellan revisar a ordenación vixente no ámbito do PERI-12.

Logo do procedemento de avaliación estratéxica ambiental, en abril de 2019 someteuse á aprobación inicial do Pleno un proxecto de Modificación puntual, que non obtivo a maioría legalmente esixida para a súa aprobación.

O Pleno Municipal, en sesión do 19.12.2019, acordou a creación dunha *Comisión especial para o desenvolvemento urbanístico da parcela do antigo Colexio Manuel Peleteiro*, cuxa finalidade é avaliar as distintas posibilidades de ordenación da parcela. Esta Comisión -na que tamén participaron diversas asociacións da zona- reuniuse en varias ocasións, co obxecto de estudar as propostas presentadas pola actual propietaria (ARQURA) e as distintas alternativas a considerar no Documento ambiental estratéxico.

As **razóns de interese xeral** que xustifican a modificación proposta atenden á consecución dos seguintes obxectivos:

-Procurar unha nova distribución e regulación dos usos autorizables, máis acorde cos da ordenanza xeral da zona (Ensanche), favorecendo a prevalenza do uso residencial característico, e incorporando a reserva dunha determinada porcentaxe da total edificabilidade residencial con destino a vivenda protexida.

-Completar a trama urbana procurando unha integración harmónica da nova edificación no tecido xa existente, segundo os criterios sinalados polo artigo 104.1 do Regulamento da Lei do solo de Galicia.

-Acadar o mellor emprazamento e configuración do novo espazo público, favorecendo a súa relación co viario público circundante e a creación dun espazo urbano de calidade que potencie a comunicación transversal entre as rúas de República Arxentina e de San Pedro de Mezonzo.

-Manter a superficie de dotacións públicas (espazo libre e equipamento) reservada no plan vixente, realizando os axustes que procedan no seu concreto emprazamento, delimitación e configuración.

5. FORMULACIÓN DA MODIFICACIÓN

De conformidade coa lexislación do solo de Galicia, tanto a formulación do planeamento xeral como a súa modificación ou revisión son competencia exclusiva da administración (artigo 103.2 RLSG), quedando así excluídas da iniciativa particular.

Polo tanto, a administración non está obrigada a tramitar as propostas de modificación do plan xeral que se presenten polos particulares, aínda que si pode acordar a súa tramitación de oficio, se o estimase oportuno e xustificado por motivos de interese público (artigo 83.1 da LSG), quedando en todo caso subordinada a súa tramitación aos criterios da administración municipal.

O Concello de Santiago suscitou a colaboración da propiedade particular (ARQURA HOMES FAB), que presentou o Documento ambiental estratéxico e o Borrador da MP,

elaborados por RODRIGUEZ Y RIVOIRA, coa conformidade dos servizos técnicos municipais.

En xullo de 2022 ARQURA presentou o documento de aprobación inicial, requiríndose polo Servizo de Planeamento e Xestión a reforma de varias cuestións. Este requirimento non foi atendido na súa integridade, polo que se encomendou aos servizos municipais a elaboración do documento que agora se somete a aprobación inicial.

6. AVALIACIÓN AMBIENTAL ESTRATÉXICA

Consonte ao disposto no artigo 46.2.a) da Lei 2/2016 do solo de Galicia (LSG) a MP someteuse a avaliación ambiental estratéxica simplificada, téndose xa emitido o preceptivo **Informe ambiental estratéxico** (IAE) por Resolución da Dirección xeral de Calidade Ambiental, publicada no DOG o día 17.02.2022.

Durante o trámite de consultas ambientais emitiron informe a Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo e o Instituto de Estudos do Territorio (IET).

No trámite de consulta pública formulou alegación DONA CARMEN SIEIRA FERNANDEZ, en representación da Comunidade de Propietarios do núm. 26 da rúa de República Arxentina.

Para dar resposta á alegación presentada polos veciños, así como ás observacións formuladas pola DXOTU, emitíuse por esta Sección un informe complementario, ao que nos remitimos.

Con posterioridade ao trámite de consulta ambiental presentáronse dous escritos asinados por don ENRIQUE OUTUMURO VÁZQUEZ -presidente da Comunidade de Propietarios do número 20 da rúa da Rosa- que actúa en representación da citada Comunidade así como dunha plataforma veciñal integrada polos veciños das rúas de República Arxentina (13, 20, 24, 26 e 28), de Alfredo Brañas (18, 20 e 33), e da Rosa (20 e 22). Os veciños solicitan que a MP respecte as *situacións preexistentes de luces, vistas e espazos libres*, tanto no que atinxe ás fachadas dianteiras como ás traseiras das edificacións existentes.

Posto que o escrito consta presentado fóra dos trámites de consulta e participación regulados no procedemento de aprobación do plan xeral, non procede a súa consideración neste momento procedemental, debendo os interesados de formular as alegacións que estimen pertinentes no trámite de información pública posterior á aprobación inicial da MP.

Sen prexuízo do anterior, infórmase que don Enrique Outumuro, xunto con outros dous veciños da rúa da Rosa, asistiu a unha reunión cos servizos técnicos da Área de Urbanismo na que puideron expoñer as súas preocupacións pola nova ordenación.

7. CONTIDO DA MODIFICACIÓN

O proxecto presentado reúne as determinacións e documentación axeitadas ao obxecto da MP, de alcance limitado e puntual.

Así, e consonte ao disposto polos artigos 53 da LSG, e 113 e 114 do seu Regulamento, establece:

- A cualificación do solo, mediante a asignación de usos pormenorizados e regulación detallada das condicións de edificación.
- A delimitación dos espazos libres de uso público, diferenciando os de dominio público e os de titularidade privada afectos a uso público.
- A reserva dunha superficie construída de 900 m² con destino a equipamento público de cesión obrigatoria, integrada na futura edificación.
- Os prazos para o cumprimento dos deberes de execución do plan.

De conformidade coas *Normas técnicas de planeamento*, a documentación esixida polos artigos 131 a 143 do RLSG estrutúrase nas seguintes carpetas:

00.INDEX (Índice xeral do documento e composición do equipo redactor)

01.MX (inclúe unha Memoria informativa e unha Memoria xustificativa), cos Anexos de Estudo da paisaxe, Cumprimento da normativa sectorial aplicable e Anexo Síntese. Inclúense tamén como anexos á normativa do planeamento vixente, as sentenzas e autos xudiciais ditados en relación co planeamento anterior, así como dous estudos complementarios realizados pola propiedade particular sobre o soleamento do espazo público e sobre a dotación de prazas de aparcadoiro dentro da parcela privada. Inclúese tamén o Estudo comparativo do aproveitamento urbanístico vixente e do resultante da modificación proposta.

02.EMR (Estudo do medio rural): Non procede

03. AMAP (Análise do modelo de asentamento poboacional): Non procede

04. MOB (Análise da mobilidade)

05. PINF (Planos de información)

06. PORD (Planos de ordenación). Non se achegan planos de estrutura xeral e clasificación do solo, porque se manteñen os do PXOM vixente, polo que só se inclúen os da nova ordenación detallada do solo

07. NU (Normativa urbanística)

Inclúe tanto as ordenanzas urbanísticas aplicables ás parcelas edificables e ás dotacións públicas previstas, como a nova redacción da Disposición transitoria 12^a e da Disposición final terceira do PXOM.

08. CAT (Catálogo). Non procede

09. EE: Xustifícase a non necesidade de modificar as previsións do Estudo económico do PXOM vixente.

10. AAE (Documento ambiental estratéxico, planos de alternativas e Informe ambiental estratéxico)

11. ORDET (Non procede)

Na MP inclúense tamén os seguinte cadros reformados da Memoria de ordenación do PXOM: números 7, 20 e 24.

De seguido resúmense as **características principais da nova ordenación**:

- Superficie edificable máxima sobre rasante: 19.900 m² construídos

- Usos:

O uso característico das plantas altas é o residencial, coa cualificación específica dun 20% con destino a vivenda protexida.

A planta baixa -incluído o zócolo- dedicarase a usos terciarios (comercial, ocio-restauración, oficinas, equipamento).

En edificio exclusivo admítense tamén os usos de residencial comunitario, oficinas, e equipamento.

- Dotacións públicas:

Espazo libre de dominio público, cunha superficie de 1.395 m², que se dispón aberto cara á rúa de San Pedro de Mezonzo, e conectado coa de República Arxentina a través dun espazo libre privado de uso público (pasaxe).

Equipamento de dominio público, cunha superficie construída de 900 m² construídos, integrados na planta baixa e/ou primeira da nova edificación.

- Prazas de aparcadoiro: Sinálase unha dotación mínima de 400 prazas dentro da parcela privada.

- Prazos de execución: Para solicitar a licenza de edificación sinálase un prazo máximo de 1 ano, contado dende a inscrición no Rexistro das parcelas de resultado axustadas á nova ordenación.

Para a entrega do equipamento construído sinálase un prazo de 3 anos, contado dende que se outorgue a licenza de edificación.

En todo caso, a non entrega do equipamento ao Concello dentro dos 5 anos seguintes á inscrición no Rexistro das parcelas de resultado configúrase como unha condición resolutoria da adxudicación das parcelas edificables.

Ao se tratar dun ámbito de reducida extensión (5.280 m²), completamente inserido na trama urbana do Ensanche, e categorizado polo PXOM vixente como solo urbano consolidado, non é preciso realizar actuacións de reforma ou renovación integral da urbanización existente, senón só obras accesorias de urbanización que poden executarse simultaneamente coa edificación.

Ao abeiro do previsto nos artigos 12 e 13 da Lei 1/2019 de *rehabilitación, rexeneración e renovación urbana de Galicia*, en relación co 7.2 do Texto refundido da Lei do Solo (RD lexislativo 7/2015), a MP delimita o ámbito da correspondente **actuación edificatoria sobre o medio urbano**, de xeito que a edificación leva aparelladas actuacións complementarias ou accesorias de urbanización do espazo libre público e de construción do equipamento público.

8. EXECUCIÓN DA NOVA ORDENACIÓN

A MP non esixe incrementar a superficie total reservada no plan vixente para dotacións públicas (espazo libre e equipamento), polo que non supón maiores cesións que as xa determinadas no proxecto de compensación aprobado.

Non entanto o anterior, para materializar a edificación axustada ao novo plan é preciso adaptar a configuración das parcelas que se adxudicaron ao Concello e aos particulares no proxecto de compensación. Isto esixe reorganizar a propiedade actual, ben mediante un proxecto de normalización de predios (artigo 280 do RLSG), ben mediante a aprobación dun expediente complementario ou de modificación do proxecto de compensación (artigo 273 do RLSG).

A normativa urbanística da MP regula a forma e os prazos para o cumprimento dos deberes de execución vinculados á actuación, que ten a consideración legal de actuación edificatoria sobre o medio urbano.

O Concello deberá dispoñer do equipamento público construído no prazo máximo de 5 anos, contado dende a inscrición no Rexistro da Propiedade das parcelas de resultado axustadas á nova ordenación. O incumprimento desta obriga deberá configurarse como unha condición resolutoria da adxudicación das parcelas edificables; no seu defecto, deberá constituírse o complexo inmobiliario urbanístico previsto no artigo 26.5 do TRLS.

Convén lembrar que xa remataron os prazos máximos legalmente establecidos para a edificación dos terreos consonte ao plan vixente, e que a lexislación do solo sinala, con carácter supletorio, un prazo de 3 anos para executar o planeamento. Polo tanto, a MP está obrigada a fixar un prazo máximo para o cumprimento das obrigas urbanísticas que non foron aínda executadas, e, en particular, para incorporar ao sistema de dotacións públicas da cidade un equipamento que ten carácter obrigatorio dende o ano 2005.

9. PROCEDEMENTO E ÓRGANO COMPETENTE

A Modificación, en canto afecta á ordenación detallada incorporada ao PXOM vixente, tramitarase a través do procedemento regulado nos artigos 60 da Lei 2/2016 *do solo de Galicia* (LSG), e 144 do seu Regulamento (RLSG)

O órgano competente para adoptar o acordo de aprobación inicial é o Pleno municipal, segundo dispón o artigo 123.1.i) da Lei de bases do réxime local (LBRL)."

Rematado o debate, o Pleno da Corporación por 9 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do PSdeG-PSOE, 8 votos en contra correspondentes aos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do PP e 7 abstencións correspondentes aos concelleiros e concelleiras dos grupos municipais de CA e do BNG e do concelleiro non adscrito (5 CA, 1 BNG e 1 N/A), polo tanto ao non acadarse o quórum necesario do voto favorable da maioría absoluta de membros da Corporación, non se aproba a modificación puntual do Plan xeral de ordenación no ámbito do PERI-12, antigo Colexio Manuel Peleteiro.

3. MEDIO AMBIENTE E SANIDADE. Referencia: 2022/0005575R.

Ratificación da inclusión e aprobación, se procede, do proxecto para a renaturalización, mellora da biodiversidade e consolidación da infraestrutura verde.

Previa ratificación da súa inclusión na sesión acordada por unanimidade dos/as presentes (9 PSdeG-PSOE, 7 PP, 3 CA, 1 BNG e 1 N/A), inclúese o punto do epígrafe para ser tratado na presente sesión.

A proposta da concelleira delegada de medio ambiente de data 16 de decembro de 2022, ten o seguinte contido:

“ANTECEDENTES

1. O 28 de setembro de 2021 publicouse no BOE a Orde TED/1018/2021, do 20 de setembro, pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións da Fundación Biodiversidad, F.S.P., para fomentar actuacións dirixidas á renaturalización e resiliencia de cidades españolas, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

Posteriormente, o 26 de setembro de 2022 o Padroado da Fundación Biodiversidad aprobou a “Convocatoria de subvencións da Fundación Biodiversidad F.S.P., para o fomento de actuacións dirixidas á renaturalización e resiliencia de cidades españolas correspondente ao ano 2022 no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia – Financiado pola Unión Europea – Next Generation EU”.

Nesta derradeira convocatoria poden ser beneficiarios das axudas os concellos dos municipios con poboación superior a 50.000 habitantes, de acordo coas cifras de poboación resultantes da revisión do Padrón municipal referidas a 1 de xaneiro de 2021

O importe máximo da axuda para conceder por cada solicitude de axuda será de ata 4.000.000 euros.

2. O artigo 3 da convocatoria define tres tipoloxías de acción susceptibles de financiamento:

- Tipo A: elaboración/actualización de documentos estratéxicos, nos cales a renaturalización urbana ocupa atención exclusiva e prioritaria e no que, en calquera caso, a través dun diagnóstico ecolóxico específico e a definición espacial de problemas e oportunidades, se sustenta unha formulación de obxectivos e unha proposta concreta de actuacións para fortalecer a infraestrutura verde urbana e mellorar a situación da biodiversidade no concello, así como as métricas necesarias para acompañar o desenvolvemento e o impacto das medidas propostas e as directrices de planificación, deseño e xestión oportunas.

- Tipo B: intervencións especificamente dirixidas a fortalecer a infraestrutura verde urbana e mellorar as condicións de biodiversidade na cidade.

- Tipo C: accións transversais aplicables á proposta presentada relativas a:

- C1. Plan de Gobernanza e Participación.
- C2. Plan de Comunicación e Sensibilización.
- C3. Plan de Medición e Seguimento.

As actividades presentadas deberán cumprir as seguintes condicións:

- Todas as actividades de implantación directa no territorio que se vaian a desenvolver

(tipo B) deberán estar enmarcadas nun plan ou estratexia (tipo A). Se o concello xa dispón dun plan ou estratexia na que enmarcar as súas actividades non sería necesario elaboralo.

- Aqueles concellos que non dispoñan dunha estratexia previa, ou que aínda dispoñendo dunha deban actualizala para poder dar cabida ás accións de intervención directa, deberán desenvolverla no marco desta convocatoria de forma previa ou paralela ao desenvolvemento de actividades do tipo B.

- Todos os proxectos deberán desenvolver actividades de implantación directa no territorio (tipo B).

3. O importe máximo das axudas concedidas non superará o 95% do total do orzamento do proxecto presentado.

Os proxectos financiados con estas axudas deberán principiar a súa execución logo da resolución da convocatoria e non poderá finalizar máis aló do 31 de decembro de 2025, prórrogas incluídas.

CONSIDERACIÓNS

1. No ano 2010, o Consorcio de Santiago de Compostela encargoulle a Albert Cuchí Burgos a elaboración dun documento que representou o primeiro paso e sentou as bases para deseñar unha Estratexia Verde para Santiago de Compostela, estratexia que deba ser un dos instrumentos para a transformación sostible da cidade. Unha transformación que se supón necesaria para o conxunto da sociedade, e quedebe alterar profundamente a súa relación co medionatural.

O documento elaborado por Albert Cuchí Burgos estuda as zonas verdes relacionándoas co espazo urbano e a súa contorna natural, constata a importancia e diversidade dos espazos verdes na cidade e recoñece o acerto do plan ao protexelos, empezando por aqueles historicamente ligados á Cidade Histórica e que constitúen un auténtico cinto verde.

2. O Consello Europeo aprobou o 21 de xuño de 2020 a creación do programa NextGenerationEU. Este programa ten como obxectivo responder de maneira conxunta e coordinada á crise causada polo coronavirus e contribuír a reparar os danos causados pola pandemia, acadando, á vez, unha Europa máis ecolóxica, máis dixital e máis resiliente aos cambios e retos do futuro.

Para acollerse ao Plan de Recuperación para Europa - NextGenerationEU, o Goberno de España aprobou Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (*ou PRTR*), que ten por obxectivo aumentar a produtividade e o crecemento potencial, avanzando cara a unha España verde, dixital, inclusiva, con maior cohesión social e territorial e sen brechas de xénero.

O plan español estrutura unha inversión total de 140.000 millóns de euros ao redor de catro eixos transversais que vertebrarán a transformación do conxunto da economía e que están plenamente aliñados coas axendas estratéxicas da UE, a Axenda 2030 e os Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable de Nacións Unidas: a transición ecolóxica, a transformación dixital, a igualdade de xénero e a cohesión social e territorial. Estes 4 eixos concrétnanse en 10 políticas panca e 30 compoñentes que articulan o importante programa de reformas e investimentos co horizonte 2023. Á vez,

cada compoñente céntrase nun reto ou obxectivo concreto e inclúe reformas e investimentos que, de forma coherente e complementaria, contribúen a alcanzar os devanditos obxectivos ou superar os retos. Para todos eles, identifícanse as metas e fitos intermedios, os resultados esperados, o número de beneficiarios, así como o custo detallado de cada elemento.

O PRTR inclúe entre as dez políticas panca unha política dirixida a “Infraestruturas e ecosistemas resilientes” (política panca 2), que á súa vez incorpora un compoñente de “conservación e restauración de ecosistemas e a súa biodiversidade” (compoñente 4). Neste compoñente inclúese a «restauración de ecosistemas e infraestrutura verde» (reforma 2). Para levar a cabo o desenvolvemento material desta reforma sobre o territorio, recóllense actuacións aliñadas coa Estratexia Europea de Biodiversidade 2030. Así mesmo, este investimento inclúe un programa de reverdecemento urbano, co obxecto de incrementar a infraestrutura verde, mediante actuacións para restaurar ecosistemas e reducir a fragmentación de hábitats e fomentar a conectividade. Este é o fundamento da convocatoria da Fundación Biodiversidade.

3. O pasado 25 de xullo de 2021, O Real Padroado da Cidade de Santiago acordou unha proposta estratéxica ata o ano 2032 con actuacións en materia patrimonial, cultural, ambiental e novas infraestruturas. Entre elas o proxecto denominado "Dobre anel" que propón, nun primeiro ámbito de intervención, reordenar todos os espazos perimetrais da améndoa. O segundo anel sería o formado polos espazos verdes, con actuacións previstas nesta década na Alameda, o Campus Sur, os terreos do Xardín Botánico e Brañas de Sar, potenciando a rede de sendeiros que vencellan todos os espazos deste anel verde cos corredores fluviais do Sar e o Sarela.

Co fin de desenvolver as actuacións sinaladas, o Concello de Santiago de Compostela, considera imprescindible presentar a candidatura do proxecto *“Renaturalización, mellora da biodiversidade e consolidación da infraestrutura verde de Santiago de Compostela”*.

Este proxecto permitirá mellorar a dimensión ambiental da cidade, xa que contribúe á renaturalización do espazo urbano, ao aumento da biodiversidade e a impulsar a recuperación e conectividade do espazo urbano co medio rural, forestal e fluvial da cidade de, desenvolvendo a infraestrutura verde a nivel local, e mellorando as condicións de adaptación da cidade e dos seus habitantes ante o cambio climático.

Os fondos que se solicitan ascenden a 4.480.955,83 €, IVE incluído, para levar a cabo as seguintes accións:

- Elaboración da Estratexia de Infraestrutura Verde e Adaptación ao Cambio Climático de Santiago de Compostela.
- Renaturalización do barrio de Pontepedriña.
- Naturalización da lagoa do Auditorio de Galicia, restauración fluvial do río Corgo e mellor ecolóxica das áreas lindeiras.
- Restauración ambiental e creación do Laboratorio Vivo Urbano Agroecolóxico no Xardín Botánico.
- Recualificación e recuperación ambiental da área verde do barrio de Cornes.

- Restauración ecolóxica e fomento da biodiversidade no Monte Periurbano do Viso.
- Plan de participación e gobernanza.
- Plan de comunicación e sensibilización.
- Plan de medición e seguimento de Indicadores.

O orzamento do proxecto comprende as seguintes cantidades, tanto no que se refire a importes subvencionables como de achega propia, axustadas para o cumprimento dos mínimos esixibles para a obtención das axudas:

ACCÍONS	ORZAMENTO
A1. Estratexia de Infraestrutura Verde e Adaptación ao Cambio Climático de Santiago de Compostela	123.660,48 €
B1. Barrio Verde de Pontepedriña: Renaturalización da mazá e creación dun corredor ecolóxico urbano.	1.785.685,27 €
B2. Naturalización da lagoa do Auditorio de Galicia, restauración fluvial do río Corgo e mellora ecolóxica das áreas verdes lindeiras	816.494,25 €
B3. Consolidación do Anel Verde Exterior. Restauración ambiental e creación do Laboratorio Vivo Urbano Agroecolóxico no Xardín Botánico	219.256,60 €
B4. Consolidación do Anel Verde Exterior. Recualificación e recuperación ambiental da área verde do barrio de Cornes.	225.724,37 €
B5. Consolidación do Anel Verde Exterior. Restauración ecolóxica e fomento da biodiversidade no monte periurbano do Viso.	175.542,30 €
C1. Plan de gobernanza e participación.	180.000,26 €
C2. Plan de comunicación e sensibilización.	169.559,93 €
C3. Plan de Medición e seguimento de indicadores.	107.851,45 €
Total sen IVE	3.803.774,91 €
	IVE 667.180,92 €
Total con IVE.	4.480.955,83 €

- Cofinanciamento do 95% do orzamento (IVE non incluído).
- Orzamento do Concello de Santiago de Compostela: 3.397.967,48 €.
- Orzamento da Universidade de Santiago de Compostela: 405.807,43 €.

Visto canto antecede, propónse ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro. Aprobar o proxecto “*Renaturalización, mellora da biodiversidade e consolidación da infraestrutura verde de Santiago de Compostela*”.

Segundo. Solicitar, ao abeiro da “Convocatoria de subvencións da Fundación Biodiversidad F.S.P., para o fomento de actuacións dirixidas á renaturalización e resiliencia de cidades españolas correspondente ao ano 2022 no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia – Financiado pola Unión Europea – NextGeneration EU”, unha axuda para financiar a execución do proxecto “*Renaturalización, mellora da biodiversidade e consolidación da infraestrutura verde de Santiago de Compostela*”.

Terceiro. Aceptar o procedemento regulado na Orde TED/1018/2021, do 20 de setembro, pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións da Fundación Biodiversidade, F.S.P., para fomentar actuacións dirixidas á renaturalización e resiliencia de cidades españolas, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (BOE do 28/09/2021).

Cuarto. Comprometerse a dispor de todos os recursos humanos, técnicos e orzamentarios necesarios para executar o proxecto aprobado e garantir a súa operatividade durante o período de durabilidade e asumir todas as obrigas establecidas no artigo 3 da Orde TED/1018/2021, do 20 de setembro.”

Rematado o debate, o Pleno da Corporación por 16 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras presentes dos grupos municipais do PSdeG-PSOE, de CA, do BNG e do concelleiro non adscrito (9 PSdeG-PSOE, 5 CA, 1 BNG e 1 N/A) e 8 abstencións correspondentes aos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do PP, acorda:

Primeiro. Aprobar o proxecto “*Renaturalización, mellora da biodiversidade e consolidación da infraestrutura verde de Santiago de Compostela*”.

Segundo. Solicitar, ao abeiro da “Convocatoria de subvencións da Fundación Biodiversidad F.S.P., para o fomento de actuacións dirixidas á renaturalización e resiliencia de cidades españolas correspondente ao ano 2022 no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia – Financiado pola Unión Europea – NextGeneration EU”, unha axuda para financiar a execución do proxecto “*Renaturalización, mellora da biodiversidade e consolidación da infraestrutura verde de Santiago de Compostela*”.

Terceiro. Aceptar o procedemento regulado na Orde TED/1018/2021, do 20 de setembro, pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións da Fundación Biodiversidade, F.S.P., para fomentar actuacións dirixidas á renaturalización e resiliencia de cidades españolas, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (BOE do 28/09/2021).

Cuarto. Comprometerse a dispor de todos os recursos humanos, técnicos e orzamentarios necesarios para executar o proxecto aprobado e garantir a súa operatividade durante o período de durabilidade e asumir todas as obrigas establecidas no artigo 3 da Orde TED/1018/2021, do 20 de setembro.

Faise un receso das 12:00 horas ás 12.20 horas.

4. AREA IX.- MEDIO RURAL. Referencia: 2022/00031266V.

Levantamento de reparo e aprobación, disposición e recoñecemento de obrigas correspondentes á obra “Ampliación da rede de abastecemento en Ponte Alvar”.

A proposta é do seguinte teor literal:

“ANTECEDENTES

1.- Desde o Centro Xestor 35 (Medio Rural) foi tramitada á Intervención Municipal a certificación referenciada número 4 da obra “Ampliación da rede de abastecemento en a Ponte Alvar” por un importe total de 30.926,84 euros, que se achega no expediente, emitida pola empresa OBRAS Y VIALES DE GALICIA, S.L. con CIF núm. B15608193.

2.- A certificación referenciada está debidamente conformada pola persoa responsable do centro xestor e o concelleiro competente na materia, e corresponde a “Ampliación da rede de abastecemento en A Ponte Alvar”

3.- Segundo o informe da Intervención Municipal de data 28 de novembro de 2022 (Ref. núm. 1482/2022): a actuación de investimento de referencia ascendeu a 130.420 euros, IVE engadido, polo que a suma das certificación ordinaria número 1, 2, 3 por importe de 16.564,01 58.980,49 e 27.897,03 euros respectivamente, e a certificación número 4 a que se refire este informe por importe de 30.962,82 euros, excede do crédito orzamentario comprometido como consecuencia de dita adxudicación.

A diferenza trae a súa causa variacións á alza no número de unidades realmente executadas sobre as previstas nas medición do proxecto, que en todo caso pola cifra que fai figurar nesta certificación número 4 de 3.985,35 euros, serían, en todo caso, efectuadas antes da recepción da obra.

Así, segundo o referido informe da Intervención, e en aplicación do disposto no artigo 216.2.a) do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, debe suspenderse a tramitación do expediente ata que a discrepancia se solucione dado que o reparo se basea na insuficiencia de crédito; polo que debe elevarse ao Pleno da Corporación proposta de levantamento de reparo, ao ser este o órgano a quen corresponde a resolución daquela de conformidade co artigo 217.2.a) do citado corpo legal.

4.- Neste sentido, a persoa responsable da Dirección de Área de Recursos Humanos, Avaliación, Contratación e Réxime Interior, como órgano transversal do concello no que atinxe a funcións propias de organización e xestión de réxime interior, emite informe para proposta e posterior resolución de discrepancia por reparo.

En atención ao reparo da Intervención, cabe salientar:

Os efectos de estas variacións o artigo 242.4 in fine da Lei 9/2017, do 8 de abril de Contratos do Sector Público indica expresamente:

Por definición os gastos rexistrados na conta 413 responden a actuacións efectivamente realizadas ao longo do ano 2021, ou bens e servizos recibidos no mesmo período, respecto dos que non se produciu a súa aplicación ao orzamento correspondente por diversos motivos sinalados nos informes de Intervención que se encontran a disposición dos membros do Pleno na documentación que se achega xunto coas propias facturas ou documentos xustificativos e demais documentación que forman os respectivos expedientes de tramitación de gasto.

A case totalidade do saldo de obrigas pendentes de imputación orzamentaria que se incorporan neste expediente de REC corresponden a prestacións efectivamente realizadas e recibidas a meirande parte delas ao longo do ano 2021, nos termos das actas de conformidade remitidas polos centros xestores responsables de cada actuación, cuxa aprobación, e conseguinte rexistro no estado de gastos do orzamento municipal, propónse neste intre a través do correspondente recoñecemento extraxudicial polo antedito importe.

Sen prexuízo da análise que no seu caso se faga da orixe da falta de imputación orzamentaria, resulta que unha serie de empresas e persoas presentaron no Concello facturas e documentos xustificativos de gastos devengados no ano 2021, efectivamente recibidos nos termos dos conformes que se achegan ao expediente, que cómpre aprobar previamente ao pagamento que evite incorrer nun suposto de enriquecemento inxusto da propia Administración. O cauce procedemental especificamente habilitado para estes efectos é o recoñecemento extraxudicial de créditos.

Os principios de anualidade orzamentaria e de temporalidade dos créditos determinan que por conta do estado de gastos do orzamento só poden contraerse obrigas derivadas de adquisicións, obras, servizos e demais prestacións ou gastos en xeral que se realicen no ano natural do propio exercicio orzamentario. Sen obviar a importancia de cumprir esta premisa, a xestión de determinados tipos de gasto vese afectada por factores de difícil predición e mesmo por discordancias temporais entre a execución material das prestacións, a recepción dos documentos xustificativos, o seu vencemento e a tramitación do procedemento administrativo tendente ao

recoñecemento das correspondentes obrigacións, que explican que conte cunha serie de excepcións regradas nos artigos 26.2 e 60.2 do RD 500/1990, de 20 de abril, alusivos ás obrigas procedentes de exercicios anteriores imputadas ao orzamento en curso a través do recoñecemento extraxudicial de créditos.

Para estes efectos, na base 30ª das de execución do orzamento vixente, establécense os supostos en que procede a aplicación do REC, os requisitos circunstanciais e orzamentarios que deben concorrer, a competencia para a súa aprobación e o contido mínimo do expediente a tramitar. Neste sentido, o procedemento establecido nesta base limita a utilización do REC para a imputación a orzamento de obrigas indebidamente comprometidas en exercicios anteriores, sendo a competencia para a súa aprobación o Pleno da Corporación.

III. PROPOSTA DE LEVANTAMENTO DE REPARO PARA A CONTINUACIÓN, NO SEU CASO, DO PROCEDEMENTO DE APROBACIÓN DE RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO.

No trámite da fiscalización previa das propostas de aprobación dos gastos correspondentes as facturas que se relacionan no cadro seguinte, o órgano de fiscalización emitiu informe de reparo de competencia plenaria.

As concellarías competentes de cada área emitiron os informes xustificativos para que o Pleno, no seu caso, aprobe o levantamento de reparo e continuación do procedemento de aprobación destes gastos.

A nivel informativo achégase o detalle das facturas que se encontran nesta situación, se ben a listaxe mais detallada relacionase como anexo II dentro da documentación que forma parte do expediente a tramitar.

Documento	CX	Importe	Terceiro	Nome Ter.	Texto Libre	Nº informe reparo
44.470	26	1.267,20	G27443142	ASOCIACION SOCIO-EDUCATIVA ANTONIO GANDY	TRES ESPAZOS DAS FAMILIAS DE PERIODICIDADE SEMANAL MES DE XUÑO DE 2021 ACTIVIDADES NA REDE DE CENTROS SOCIOCULTURAIS	916/2022
10204/21/016	26	450,00	R1500020A	ARZOBISPADO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA	Renda mes de novembro de 2021 - BARCIELA, SANTO ANDRE - CASA RECTORAL SITA EN LUGAR DE BARCIELA 42 PARA SU DESTINO A US	900/2022
AE 4547	37	810,03	B36650992	ASCENSORES ENOR SL	Servicio mantemento equipo CL MANUEL MARIA, 6 durante el 4º trimestre 2020.	1366/2022
AE 4548	37	810,03	B36650992	ASCENSORES ENOR SL	Servicio mantemento equipo CL MANUEL MARIA, 6 durante el 2º trim 2021.	1366/2022
21-A 14526	37	213,44	B15259765	SISTEMAS DE SEGURIDADE A-1 SL	PERIODO FACTURADO: 01/01/21 - 31/12/21 / CONEXION CENTRAL RECEPTORA / *PERIODO ANUAL VDO.* / CENT.SOCIOCULT.ROMAÑO - VIST	1366/2022
21-A 7784	37	151,61	B15259765	SISTEMAS DE SEGURIDADE A-1 SL	PERIODO FACTURADO: 01/04/21 - 30/06/21 / MANTEMENTO DE EXTINTORES / IMPORTE FACTURADO / CENTRO XOVE DE CREACION CULTURAL	1366/2022

Documento	CX	Importe	Terceiro	Nome Ter.	Texto Libre	Nº informe reparo
3.345.774.230	37	366,67	A50001726	SCHINDLER SA	CEIP CARDENAL QUIROGA Descripción del artículo: EU Contrato de Ascensores Excellence Mantemento de 2021-12-01 a 2021-	1366/2022
4.068,98						

IV. PROPOSTA DE APROBACIÓN DOS GASTOS REXISTRADOS A 31.12.2021 NA CONTA 413 CORRESPONDENTES A ACREDORES PENDENTES DE IMPUTAR AO ORZAMENTO E OUTROS GASTOS DEVENGADOS A 31.12.2021 NON RECOÑECIDOS COMO OPA. RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS.

Achégase formando parte deste expediente, un listado como anexo nº I coa relación das facturas en situación de OPA a 31.12.2021 e aquelas outras que se corresponden con outros gastos devengados no exercicio 2021 e non recollidos como OPA que precisan da toma dun acordo de Recoñecemento Extraxudicial de Créditos para a súa aprobación por importe total de **221.446,05 euros**, sendo necesario aprobar unha indemnización substitutiva a favor dos terceiros que figuran na referida relación polos importes correspondentes a cada un deles derivados das prestacións efectuadas a esta Administración municipal e documentadas nos xustificantes de gasto emitidos, con imputación ás aplicacións orzamentarias tamén relacionadas.

De conformidade co establecido na base 30ª das Bases de execución do Orzamento Municipal do exercicio 2022 e no artigo 60.2 do Real Decreto 500/1990 do 20 de abril, e demais disposicións vixentes na materia.

PROPOSTA

Á vista de canto antecede, propónse ao Pleno, que adopte os seguintes acordos:

PRIMEIRO: Levantamento do reparo e continuación do procedemento de aprobación do recoñecemento extraxudicial de crédito das facturas que se relacionan de seguido:

Documento	CX	Importe	Terceiro	Nome Ter.	Texto Libre	Nº informe reparo
44.470	26	1.267,20	G27443142	ASOCIACION SOCIO-EDUCATIVA ANTONIO GANDY	TRES ESPAZOS DAS FAMILIAS DE PERIODICIDADE SEMANAL MES DE XUÑO DE 2021 ACTIVIDADES NA REDE DE CENTROS SOCIOCULTURAIS	916/2022
10204/21/016	26	450,00	R1500020A	ARZOBISPADO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA	Renda mes de novembro de 2021 - BARCIELA, SANTO ANDRE - CASA RECTORAL SITA EN LUGAR DE BARCIELA 42 PARA SU DESTINO A US	900/2022
AE 4547	37	810,03	B36650992	ASCENSORES ENOR SL	Servicio mantemento equipo CL MANUEL MARIA, 6 durante el 4º trimestre 2020.	1366/2022
AE 4548	37	810,03	B36650992	ASCENSORES ENOR SL	Servicio mantemento equipo CL MANUEL MARIA, 6 durante el 2º trim 2021.	1366/2022
21-A 14526	37	213,44	B15259765	SISTEMAS DE SEGURIDADE A-1 SL	PERIODO FACTURADO: 01/01/21 - 31/12/21 / CONEXION CENTRAL RECEPTORA / *PERIODO ANUAL VDO.* / CENT.SOCIOCULT.ROMAÑO - VIST	1366/2022

Documento	CX	Importe	Terceiro	Nome Ter.	Texto Libre	Nº informe reparo
21-A 7784	37	151,61	B15259765	SISTEMAS DE SEGURIDADE A-1 SL	PERIODO FACTURADO: 01/04/21 - 30/06/21 / MANTEMENTO DE EXTINTORES / IMPORTE FACTURADO / CENTRO XOVE DE CREACION CULTURAL	1366/2022
3.345.774.230	37	366,67	A50001726	SCHINDLER SA	CEIP CARDENAL QUIROGA Descrición del artículo: EU Contrato de Ascensores Excellence Mantemento de 2021-12-01 a 2021-	1366/2022

4.068,98

SEGUNDO: Recoñecer extraxudicialmente das obrigas derivadas da aprobación das facturas recollidas no listado anexo nº I que forma parte deste expediente reflectidas na maioría dos casos na conta 413 a 31.12.2021 por importe total de 221.446,05 euros e aprobar unha indemnización substitutiva a favor dos terceiros que figuran na referida relación polos importes correspondentes a cada un deles derivados das prestacións efectuadas a esta Administración municipal e documentadas nos xustificantes de gasto emitidos, con imputación ás aplicacións orzamentarias tamén relacionadas.”

O Pleno da Corporación por 9 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do PSdeG-PSOE, e 15 abstencións correspondentes aos concelleiros e concelleiras presentes dos grupos municipais do PP, de CA, do BNG e do concelleiro non adscrito (8 PP, 5 CA, 1 BNG e 1 N/A), acorda:

PRIMEIRO: Levantamento do reparo e continuación do procedemento de aprobación do recoñecemento extraxudicial de crédito das facturas que se relacionan de seguido:

Documento	CX	Importe	Terceiro	Nome Ter.	Texto Libre	Nº informe reparo
44.470	26	1.267,20	G27443142	ASOCIACION SOCIO- EDUCATIVA ANTONIO GANDY	TRES ESPAZOS DAS FAMILIAS DE PERIODICIDADE SEMANAL MES DE XUÑO DE 2021 ACTIVIDADES NA REDE DE CENTROS SOCIOCULTURAIS	916/2022
10204/21/016	26	450,00	R1500020A	ARZOBISPADO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA	Renda mes de novembro de 2021 - BARCIELA, SANTO ANDRE - CASA RECTORAL SITA EN LUGAR DE BARCIELA 42 PARA SU DESTINO A US	900/2022
AE 4547	37	810,03	B36650992	ASCENSORES ENOR SL	Servicio mantemento equipo CL MANUEL MARIA, 6 durante el 4º trimestre 2020.	1366/2022
AE 4548	37	810,03	B36650992	ASCENSORES ENOR SL	Servicio mantemento equipo CL MANUEL MARIA, 6 durante el 2º trim 2021.	1366/2022
21-A 14526	37	213,44	B15259765	SISTEMAS DE SEGURIDADE A-1 SL	PERIODO FACTURADO: 01/01/21 - 31/12/21 / CONEXION CENTRAL RECEPTORA / *PERIODO ANUAL VDO.* / CENT.SOCIOCULT.ROMAÑO - VIST	1366/2022
21-A 7784	37	151,61	B15259765	SISTEMAS DE SEGURIDADE A-1 SL	PERIODO FACTURADO: 01/04/21 - 30/06/21 / MANTEMENTO DE EXTINTORES / IMPORTE FACTURADO / CENTRO XOVE DE CREACION CULTURAL	1366/2022
3.345.774.230	37	366,67	A50001726	SCHINDLER SA	CEIP CARDENAL QUIROGA Descrición del artículo: EU Contrato de Ascensores Excellence Mantemento de 2021-12-01 a 2021-	1366/2022

Documento	CX	Importe	Terceiro	Nome Ter.	Texto Libre	Nº informe reparo
-----------	----	---------	----------	-----------	-------------	-------------------------

4.068,98

SEGUNDO: Recoñecer extraxudicialmente das obrigas derivadas da aprobación das facturas recollidas no listado anexo nº I que forma parte deste expediente reflectidas na maioría dos casos na conta 413 a 31.12.2021 por importe total de 221.446,05 euros e aprobar unha indemnización substitutiva a favor dos terceiros que figuran na referida relación polos importes correspondentes a cada un deles derivados das prestacións efectuadas a esta Administración municipal e documentadas nos xustificantes de gasto emitidos, con imputación ás aplicacións orzamentarias tamén relacionadas.

7 bis. ÁREA IV: URBANISMO E INFRAESTRUTURAS. Referencia: 2022/0002965P.

Recoñecemento de débeda por gastos derivados de asistencia a sesións da Comisión Asesora do Patrimonio Histórico.

A proposta é do seguinte teor literal:

“NORMATIVA CONSIDERADA

Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

Real decreto 500/90, do 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo primeiro do Título sexto da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais, en materia de orzamentos.

Regulamento da Comisión Asesora do Patrimonio Histórico do Concello de Santiago de Compostela, aprobado en sesión plenaria de o 21 de xaneiro de 2016.

Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

Bases de execución dos orzamentos xerais municipais 2022.

ANTECEDENTES

1. Na data 14 de setembro de 2021, o vogal representante do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia na C.A.P.H. Don Pablo Costa Buján, presentou factura pola asistencia a sesións da Comisión Asesora e Subcomisión de Patrimonio Histórico. Remitida a factura conformada á intervención municipal, emítese informe solicitando completar o expediente xustificando a obriga do gasto.

Asemade a Intervención municipal sinala que pola natureza do gasto, non procede a presentación de factura con IVE como se dun contrato de prestación de servizos se tratara, polo que a factura devolveuse.

2. Ao respecto da obriga desta Administración na satisfacción do gasto, resulta que o Pleno da Corporación aprobou definitivamente, na sesión de 21 de xaneiro de 2016, o Regulamento da Comisión Asesora de Patrimonio Histórico do Concello de Santiago de Compostela que se publicou no B.O.P. de 23 de febreiro de 2016.

3. A citada Comisión creouse coma órgano consultivo de carácter Colexiado, ao abeiro do previsto na Lei 8/1995, do 30 de outubro do Patrimonio Cultural de Galicia e no artigo 27 do Plan Especial de Protección e Rehabilitación da Cidade Histórica de Santiago de Compostela que esixe o seu informe con carácter preceptivo en

solicitudes de licenza de obras de nova edificación, determinadas solicitudes de obra en edificios existentes, proxectos de urbanización e de obras ordinarias nos espazos públicos catalogados, sinalización, mobiliario urbano e ocupación de vía pública.

Asemade tamén resulta preceptivo o seu informe en materia de publicidade e rotulación en ámbitos patrimonialmente protexidos. Exerce asemade competencias atribuídas por delegación da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural ao Concello de Santiago de Compostela, en canto á emisión de informes sectoriais preceptivos.

4. Pois ben, entre os membros da Comisión están seis vogais nomeados polo Pleno a proposta da alcaldía. Unha desas persoas noméase en representación do Colexio de Arquitectos de Galicia, con rango de arquitecto/a, no ano 2021 o designado foi Don Pablo Costa Buján cuxo nomeamento produciuse no Pleno de 25/02/2021 pero coa súa asistencia desde xaneiro ás comisións e subcomisións.

5. A Comisión ten natureza mixta e reúnese de xeito ordinario dous veces ao mes e con carácter extraordinario cando así se convoca; porén antes de cada sesión, desenvólvese unha Subcomisión de carácter exclusivamente técnico que elabora o relatorio sobre os expedientes que se someten á Comisión e que está formada polos vogais técnicos, entre o que está o representante do COAG.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS:

1. A Disposición adicional única do Regulamento da Comisión Asesora do Patrimonio Histórico adicada ao réxime económico, se ben dispón no parágrafo un que os membros que teñan a condición de persoal ao servizo das administracións públicas ou organismos delas dependentes e os concelleiros que contén con dedicación exclusiva, non percibirán retribución polo exercicio das súas funcións; tamén sinala no parágrafo dous que os demais membros poderán percibir as axudas de custo e indemnización que lles correspondan de acordo coa normativa vixente. Do que se deriva a obriga municipal de recoñecer e satisfacer o gasto xerado polo representante do COAG ao asistir as sesións.

2. Previa Proposta da Concelleira Delegada de Urbanismo e atendendo ao sinalado pola Intervención Xeral Municipal, a Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o 18 de abril de 2022, acordou fixar a indemnización a percibir por cada asistencia, tanto á Ponencia técnica como á Comisión Asesora, para aqueles membros como os representantes do COAG, que non teñan a condición de persoal ao servizo das administracións públicas ou organismos delas dependentes na contía de 42,83 euros, concretando así o dereito recollido na Disposición Adicional única do Regulamento da Comisión Asesora.

3. Segundo consta nas certificacións emitidas pola Secretaria da Comisión, o señor Costa Buján asistiu as sesións da Comisión Asesora de 12/01/21, 02/02/21; 16/02/21; 02/03/21 16/03/21; 06/04/21; 04/05/21; 18/05/21; 01/06/21; 15/06/21; 21/06/21; 29/06/21; 13/07/21; 07/09/21; 21/09/21; 05/10/21; 19/10/21; 02/11/21; 16/11/21; 30/11/21 e 14/12/21, un total de 21 sesións.

Por outra banda, consta informe do vogal ponente municipal no que se informa que Don Pablo Costa asistiu as sesións da subcomisión asesora os días 19/01/2021; 28/01/2021; 08/02/2021; 23/02/2021; 08/03/2021; 22/03/2021; 26/04/2021; 10/05/2021; 24/05/2021; 07/06/2021; 21/06/2021; 05/07/2021, 30/08/2021, 13/09/2021; 27/09/2021; 11/10/2021; 25/10/2021; 22/11/2021; 07/12/2021 e 28/12/2021., un total de 20 sesións no ano.

4. O Señor Don Pablo Costa Buján, en nome e representación do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia asistiu durante o ano 2021 a un total de 41 sesións da Comisión e Subcomisión Asesora do Casco Histórico polo que este concello ten a obriga de aboarlle 1.756,03 € e que non se aboaron ao solicitar o interesado o pago mediante factura con IVE que non foi fiscalizada favorablemente polas razóns expostas.

5. Como xa se expuxo a propia existencia da Comisión e a configuración da mesma da que forma parte un representante do C.O.A.G resulta preceptiva e ten natureza normativa polo que o gasto resulta esencial e imprescindible, sendo así que o precedente de pago do gasto durante décadas non se considera agora axeitado posto que non se trata dun contrato de servizos.

6. Ao tratarse de gasto realizado no ano 2021 sen consignación orzamentaria, non pode tramitarse e pagarse con cargo ao exercicio 2022, polo que procede iniciar a tramitación do expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito, que logo debe ser remitida á Intervención Municipal para a emisión do correspondente informe, con carácter previo á elevación ao Pleno da Corporación permita a aprobación do gasto.

7. Desde este centro xestor infórmase que todos estes gastos realizáronse para levar a cabo as funcións encomendadas ao Concello de Santiago implicando a varias unidades administrativas, polo que a realización deste gasto está xustificando sendo así que non recoñecer a obriga e proceder ao pago, prexudicaría o funcionamento da Comisión Asesora e causaría danos a terceiros, concretamente a todos aqueles representantes do C.O.A.G ou de entidades que non son Administración pública nin dependen dunha Administración pública que desempeñarían o seu papel (insubstituíble) sen ser indemnizados en dereito e mesmo deixarían de asistir.

8. O Real decreto 424/2017, do 28 de abril, regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local; e nesa liña, o apartado 1.4. da base 30 das Bases Xerais de Execución do Orzamento Municipal para o ano 2022, establece cales son os documentos mínimos que debe conter o expediente para recoñecemento da obrigación.

En cumprimento do redactado nos parágrafos anteriores, este expediente cumpre os requisitos esixidos a entender da que subscribe, entre eles documento contable de reserva de crédito RC e o presente informe xustificativo da necesidade do servizo e en consecuencia do gasto efectuado e das causas polas que se incumpriu o procedemento xurídico-administrativo correspondente.

9. Considerase ademais por quen subscribe que no gasto de referencia concorren os requisitos e esixencias contidas en dito artigo, para que proceda o recoñecemento das correspondentes obrigas mediante a tramitación do expediente de recoñecemento extraxudicial e abono da correspondente indemnización ao terceiro polas prestacións efectuadas a esta Administración municipal, isto é:

- Xustificación da necesidade do gasto nos termos que se deixan expostos nesta proposta.
- Non ser necesario a constitución de garantías en razón a natureza dos servizos prestados.
- Que as prestacións realizadas polo terceiro son as estritamente necesarias para satisfacer a necesidade que motiva aquelas.
- As actuacións realizáronse baixo o principio de boa fe e confianza lexítima.
- Que o prezo é correcto.
- A imputación do gasto non vai producir prexuízo ningún para a realización de todas as atencións do exercicio corrente.

Así mesmo, tal e como xa se dixo anteriormente, incorpóranse ao expediente os seguintes documentos:

Factura inicialmente presentada e devolta ao acredor

- Nomeamento do terceiro polo Pleno
- Certificación de asistencia durante o ano 2021
- Operación previa de retención de crédito ☐ Informe do Xefe do Servizo de Licenzas e Disciplina Urbanística de asistencia as Subcomisións do ano 2021
- Informe proposta con fiscalización favorable de fixación de indemnización por asistencia a sesións da Comisión e Subcomisión Asesoras do Patrimonio Histórico
- Acordo adoptado pola Xunta de Goberno da Cidade polo que se aproba a contía da indemnización por sesión
- Documento contable acreditativo da existencia de crédito coa identificación do número de documento contable en cada un dos expedientes.

PROPOSTA

Isto é o que este centro xestor ten a ben manifestar, dado que as prestacións ao respecto das que constan as certificacións de asistencia e informe da xefatura de servizo de licenzas foron efectivamente realizadas.

Visto o exposto, de conformidade co disposto no artigo 60.2 do Real decreto 500/1990, do 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo primeiro do Título sexto da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais en materia de orzamentos, e o artigo 30 das Bases de execución do orzamento xeral municipal, sométese a consideración do Pleno Municipal, para evitar un posible enriquecemento inxusto por parte desta Administración municipal propónse ao Pleno da Cidade de Santiago de Compostela **previa contabilización da operación e informe favorable da Intervención Xeral**, a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Aprobar o expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos, recoñecendo as débedas contraídas co terceiro, concepto e importe que de seguido se reflicten:

CONCEPTO	BENEFICIARIO	IMPORTE
Asistencia Comisión Asesora do Patrimonio Histórico no ano 2021 (21 sesións)	Don Pablo Costa Buján D.N.I.33220452B	899,43 €
Asistencia Subcomisión Asesora de Patrimonio Histórico no ano 2021 (20 sesións)	Don Pablo Costa Buján D.N.I.33220452B	856,6 €
TOTAL		1.756,03 €

Segundo.- Aprobar unha indemnización substitutiva recoñecendo a débeda contraída por este Concello con Don Pablo Costa Buján por importe de 1.756,03 euros, con imputación ás aplicacións orzamentarias contempladas en cada documento contable.

Terceiro.- Aprobar, dispoñer o gasto e recoñecer a obriga derivada das accións da referencia con cargo á partida 050 15100 2269900 220220035895 por un importe total de 1.756,03 € a favor de Don Pablo Costa Buján D.N.I.33220452B.

Rematado o debate, o Pleno da Corporación por 16 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras presentes dos grupos municipais do PSdeG-PSOE, de CA,

do BNG e do concelleiro N/A (9 PSdeG-PSOE, 5 CA, 1 BNG e 1 N/A) e 8 abstencións correspondentes aos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do PP, acorda:

Primeiro.- Aprobar o expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos, recoñecendo as débedas contraídas co terceiro, concepto e importe que de seguido se reflicten:

CONCEPTO	BENEFICIARIO	IMPORTE
Asistencia Comisión Asesora do Patrimonio Histórico no ano 2021 (21 sesións)	Don Pablo Costa Buján DNI 33220452B	899,43 €
Asistencia Subcomisión Asesora de Patrimonio Histórico no ano 2021 (20 sesións)	Don Pablo Costa Buján DNI 33220452B	856,6 €
TOTAL		1.756,03 €

Segundo.- Aprobar unha indemnización substitutiva recoñecendo a débeda contraída por este Concello con Don Pablo Costa Buján por importe de 1.756,03 euros, con imputación ás aplicacións orzamentarias contempladas en cada documento contable.

Terceiro.- Aprobar, dispoñer o gasto e recoñecer a obriga derivada das accións da referencia con cargo á partida 050 15100 2269900 220220035895 por un importe total de 1.756,03 € a favor de Don Pablo Costa Buján DNI 33220452B.

8. PROPOSICIÓN DA CORPORACIÓN MUNICIPAL DE PACTO POLO RURAL

Os grupos municipais con representación na Corporación municipal presentan para a súa aprobación o Pacto polo Rural, que ten como principios inspiradores o equilibrio territorial, a sustentabilidade económica e a transversalidade, que é aprobado por unanimidade dos/as presentes (9 PSdeG- PSOE, 8 PP, 5 CA, 1 BNG e 1 N/A).

O Pacto ten o seguinte contido:

CONTEXTUALIZACIÓN DO RURAL DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Para entender o alcance e importancia do presente Pacto polo Rural de Santiago de Compostela é preciso, antes de nada, caracterizar como corresponde ao noso rural.

Así, con 220 km² Santiago de Compostela é un dos concellos con maior superficie de Galicia, e o segundo en tamaño da provincia da Coruña, sendo máis do 86% da súa superficie netamente rural, xa que non se inclúe neste cómputo a superficie rural das parroquias máis próximas ao centro urbano, que poderían clasificarse de rururbanas. Esa cifra implica por si propia un territorio rural vastísimo. De 190 km², extensión superior á de 289 dos 313 municipios galegos.

Do gran tamaño do rural compostelán da conta tamén, entre outros, a distancia desde o centro urbano ata os núcleos de poboación máis afastados, sendo así que, por exemplo, desde a praza do Obradoiro, ata o lugar de Pousada, na parroquia de Cesar, contabilízanse un total de 18.7 km, que supoñen case media hora en coche.

Por outra parte, o rural de Santiago de Compostela está conformado por 21 parroquias, incluíndo só as de carácter íntegramente rural, tal como queda dito máis arriba. Estas son: Aríns, Bando, Barciela, Busto, Carballal, Cesar, O Eixo, A Enfesta, Fecha (Santa Cristina), Fecha (San Xoán), Figueiras, A Gracia, Grixoa, Laraño, Marantes, Marrozos, Nemenzo, A Peregrina, A Sabugueira, Verdía e Vilvestro.

Esas 21 parroquias rurais están conformadas por un total de 215 núcleos de poboación, nos que habitan 14.377 persoas, o que supón un 14.9% da poboación total de todo o municipio, segundo os datos do INE dispoñibles no momento de redacción deste documento.

As cifras relativas á poboación rural son especialmente relevantes polas súas implicacións. Así, por unha parte, é preciso destacar que a poboación do rural de Santiago é superior á de vilas como Noia, Ordes, Betanzos, Vilalba, Ribaeo, Foz, Verín, O Carballiño, o Barco de Valdeorras, Baiona, Bueu, Cambados e outros 270 concellos galegos, o que fala da súa importancia en termos de poboación en relación á realidade galega.

Por outra banda, os datos antes citados relativos á poboación rural falan do peso específico no total municipal, xa que implican que o núcleo urbano de Santiago de Compostela non supera por si propio os 82.028 habitantes.

Sen embargo, na comprensión da realidade actual do rural compostelán tamén é especialmente significativa a evolución e distribución da poboación rural. Así, é preciso ter en conta que as parroquias rurais da zona Sur aumentaron a súa poboación de forma sostida nos últimos dez anos -datos rexistrados entre 2007 e 2017-. Este aumento está provocado polo aumento do uso residencial do territorio nesa área. En contraste, para o mesmo período de 10 anos as parroquias do rural Norte reduciron a súa poboación nun 7,4%.

Pola súa proximidade e dependencia dun importante núcleo urbano, a poboación do rural de Santiago ten aínda outro trazo característico, que a distingue doutras zonas rurais, e que fai referencia á súa progresiva diversificación. Así, o noso rural rexistra unha tendencia crecente á mestura de habitantes historicamente enraizados na zona - aínda que non manteñan a actividade tradicional- con novos poboadores, grupo que inclúe tanto a aquelas persoas que se desprazan cada día á cidade por motivos de traballo, como as persoas que unha vez retiradas optan por establecerse no rural ou as que posúen no rural unha segunda residencia.

O anterior supón un aumento progresivo da poboación exclusivamente residencial, polo que é preciso abordar de xeito específico medidas que permitan armonizar as actividades produtivas tradicionais co crecente uso residencial.

Tamén relacionado cos usos predominantes nas distintas zonas do rural está a problemática, común a todo o rural galego, que supón o avellentamento da poboación que é máis significativo nas parroquias rurais setentrionais, onde a porcentaxe da poboación maior de 65 anos é máis alta que nas meridionais.

Isto ten graves implicacións en canto ás posibilidades de desenvolvemento das parroquias a medio-longo prazo, xa que as parroquias máis envellecidas son as eminentemente agrícolas, que son tamén as máis precarizadas en termos de servizos básicos.

De feito, é esa precariedade no acceso aos servizos básicos o problema crucial que pretende abordar o presente Pacto polo Rural, conscientes os seus asinantes das preocupantes e vergoñentas cifras en canto a dotación de servizos. Así, no rural de Santiago, á data de sinatura do presente Pacto, existen aínda hoxe 90 núcleos rurais que non dispoñen de abastecemento de auga nin saneamento, 112 sen abastecemento de auga, 125 sen saneamento, sendo así que tan só 70 núcleos dos 215 totais contan con ambos servizos – abastecemento e saneamento-, o que supón un pobre 32.6% do total dos núcleos rurais, e que, destes, o 70% corresponden a parroquias do sur do Concello.

Estas cifras evidencian a situación extraordinariamente precaria en canto a infraestruturas básicas no rural, e esta precariedade acada niveis insólitos na área norte, onde mesmo 4 parroquias -Busto, Carballal, Cesar e Santa Cristina de Fecha-, non teñen ningún núcleo con saneamento nen abastecemento de auga. Esta carencia xeneralizada afecta tamén por suposto a infraestruturas esenciais do rural -centros educativos, centros socioculturais, etc.- como a escola CEIP Casas Novoa, na Sionlla de Abaixo, parroquia de Enfesta, que, situada a escasos 6 km da cidade, e con arredor de 200 escolares, non está, hoxe en día, conectada á rede de saneamento.

Non é posible rematar esta caracterización sen lembrar que o rural de Santiago é transitado anualmente por máis de 350 mil persoas de 186 países que percorren algún dos dez Camiños de Santiago, incluídos dous declarados Patrimonio da Humanidade. Esta importantísima exposición a nivel internacional dunha parte do noso rural -aquela pola que discorren os trazados das devanditas vías- contrasta co déficit e as problemáticas do rural compostelán anteditas, e máxime cando os Plans Directores dos Camiños, actualmente en execución, inclúen obxectivos tales como “a revitalización dos núcleos de poboación, mellorando a súa calidade estética e ambiental e favorecendo o equilibrio entre poboación, equipamentos e servizos”.

ANTECEDENTES DO PACTO POLO RURAL DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Para entender o déficit histórico do rural compostelán é preciso ter en conta que a crucial dotación dos servizos básicos de abastecemento de auga e saneamento tratada no epígrafe anterior, xa era considerada prioritaria polo Concello de Santiago no ano 1991 e que, tres décadas máis tarde, a situación segue practicamente igual. De igual maneira, as melloras previstas no PXOM (2008) para o rural, seguen sen executarse 11 anos despois.

Por outra banda, é preciso ter en conta que desde o ano 2016, FERUSA -Federación de Asociacións Veciñais do Rural de Santiago-, que agrupa a 20 das 21 asociacións do rural, abre un novo período nesa histórica reivindicación veciñal, rotomando con forza as negociacións que han de levar ao presente Pacto polo Rural. Así, FERUSA reuniuse xa daquela -setembro de 2016-, con todas as forzas políticas, que xa entón manifestaron o seu acordo para iniciar “a andadura” deste Pacto polo Rural.

Así, en febreiro de 2019, FERUSA presenta, en acto público ao que asistiron todas as forzas políticas concorrentes ás eleccións locais de maio de 2019, un exhaustivo informe elaborado por esa entidade, informe que senta as bases do argumentario e xustifica en detalle a urxencia do presente Pacto polo Rural.

Paralelamente, a nivel estatal, organízase por esas datas o movemento coñecido como “España vaciada”, que ten un fito importante na manifestación celebrada en Madrid o 31 de marzo de 2019, que contou coa adhesión de máis de 90 plataformas e

entidades de 24 provincias, ademais da de representantes do goberno do Estado e das demais formas políticas. Tamén a Federación Española de Municipios e Provincias ten mostrado o seu respaldo aos “numerosos municipios e provincias de todo o país e a diversas institucións, para chamar a atención sobre a perda de poboación que sofren extensos territorios do país”, perda de poboación resultante das importantes carencias do rural en todo o Estado español.

Nesta recompilación dos antecedentes, é preciso citar tamén a Axenda 2030, un contrato social global, asinado por 193 países, incluído España, coas Nacións Unidas, que establece unha guía de 17 Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS). Estes ODS marcan una liña clara para alcanzar un futuro sostible con dignidade para todas as persoas, co desafío de asegurar que ninguén se queda atrás, polo que haberá que prestar atención a quen se queda atrás, en que territorios e por que.

A nivel español iso implica mirar cara as zonas rurais que represenan o 90% do territorio, pero no que só reside o 20% da poboación, que son cifras moi similares ás do propio termo municipal de Santiago de Compostela, no que o rural representa aproximadamente o 86% do municipio e o 15% da poboación, tal como quedou expresado ao inicio deste Pacto.

O Plan de Acción para a Implementación da Axenda 2030 -aprobado en xuño de 2018- inclúe un amplo apartado sobre cohesión territorial e a afirmación de que “Non é posible alcanzar os ODS deixando atrás ás zonas rurais e aos seus habitantes”, mentres que noutra parte dese documento identifica o desenvolvemento rural como unha das áreas claves onde haberá que formular políticas con capacidade de crear sinerxias para avanzar cara ao desenvolvemento sostible.

O PACTO POLO RURAL DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

En vista de todo a anterior, e tendo en conta o déficit histórico do rural compostelán referido nos puntos anteriores e a necesidade de emprender accións inmediatas desde o ámbito local, o Pleno do Concello de Santiago do 29 de setembro de 2019 aprobou impulsar o Pacto Local polo Rural.

Nace así este Pacto polo Rural que fixa o compromiso de todos os partidos políticos a respecto das accións mínimas a levar a cabo no rural de Santiago nun horizonte temporal de 8 anos, superando así os períodos de catro anos das lexislaturas e os tempos electorais, co fin de garantir a estabilidade mínima precisa.

Un Pacto polo Rural para este período temporal de 8 anos que ten como obxectivos prioritarios solventar as carencias en servizos básicos e asegurar a conservación e mantemento da rede viaria. A tal efecto comprométese a destinar íntegramente para o rural os fondos POS da Deputación da Coruña e asemade a complementar esas actuacións con fondos propios ,comprometéndose a asignar o 1% do orzamento anual, así como os que poidan derivarse tanto dos convenios que se asinen a tal efecto con outras administracións públicas e tamén con outros que se poidan obter a través dos procedementos concursais.

Para o ano 2023, coincidindo co inicio da execución do Pacto, a achega de fondos do Concello será a necesaria e suficiente para levar a cabo o subministro de auga ás aldeas con seca de manancial nos últimos tres anos e para a rede de abastecemento naqueles núcleos de poboación nos que resten menos de 500 metros ao punto de conexión, tal e como se recolle na Acción 1 máis adiante.

O Pacto establece ademáis outra serie de prioridades que o Concello de Santiago deberá acometer de xeito transversal, dentro dos orzamentos dos distintos departamentos, ou ben grazas ás achegas doutras entidades, tales como axudas europeas, axudas de compensación da Xunta de Galicia e fondos do Estado.

PRINCIPIOS INSPIRADORES

1 Equilibrio territorial: trátase de minimizar o actual desequilibrio entre as zonas urbana e rural e, en paralelo, de igualar as zonas norte e sur do noso rural.

2 Sustentabilidade económica: medidas economicamente viables.

3 Transversalidade: o rural será contemplado dentro de cada departamento municipal, nas políticas das distintas áreas.

OBXECTIVO

Que no prazo de 8 anos desde a sinatura deste Pacto polo Rural de Santiago de Compostela, é dicir, no período que vai do **2023 a 2030**, se consiga una mellora significativa do estado actual do rural municipal, en atención ás prioridades detectadas, que pola súa vez determinan as accións a levar a cabo.

ACCÍONS

As **35** accións que se recollen deseguido aparecen agrupadas en 7 bloques temáticos, sen que a sucesión na que aparecen os mesmos, como tampouco a numeración outorgada as accións neles incluídas, pretendan establecer ningunha valoración en relación á súa importancia e polo tanto tampouco respecto da prioridade da súa execución.

SERVIZOS BÁSICOS

Dotar aos núcleos rurais de servizos básicos -de abastecemento de auga, de saneamento e dun axeitado servizo de limpeza e xestión do lixo- que respondan a estándares actuais:

1. Terá prioridade darlle solución para as aldeas que quedaron sen auga por secas de mananciais nos últimos 3 anos e tamén rematar as traídas naqueles núcleos de poboación nos que falten menos de 500 metros ao punto de conexión sempre e cando as condicións orográficas o fagan posible e exista demanda. Co fin de facilitar a conexión dos veciños percuraranse fórmulas acordadas conxuntamente que garantan a calidade da conexión e busquen un custo máis moderado e equitativo.

2. Dotación de auga nos núcleos que non teñen nen auga nen saneamento, dando prioridade aos núcleos afectados polas ordenanzas 11, 6A e 6B.

3. Dotación do servizo básico que corresponda –auga e/ou saneamento, nos núcleos afectados polas ordenanzas 6A, 6B e 11 e que carezan dun dos servizos, tendo en conta a poboación e a proximidade ás redes preexistentes. Tamén se procurará facilitar a prestación do servizo ás vivendas situadas nos contornos máis inmediatos destas ordenanzas, sempre que sexa viable.

4. Habilitar no primeiro ano de vixencia do Pacto polo Rural, e ao longo de toda a súa duración, un sistema de control e inspección municipal para o rural que garanta o cumprimento dos pregos do servizo de recollida de lixo e limpeza urbana. Os informes resultantes das devanditas inspeccións serán remitidos regularmente a FERUSA para o seu coñecemento.

5. Dotar de alumeado público as zonas que presentan carencias importantes e mellorar o existente.

PLANEAMENTO

O Concello impulsará dentro do seu ámbito competencial medidas orientadas a moderar o sobrecusto na vida rural.

6. Aplicar unha bonificación fiscal proporcional nos núcleos rurais que non dispoñen dos servizos básicos de abastecemento de auga e saneamento.

7. Paralelamente, procurarase a búsqueda de solución temporais, dentro da legalidade, para **minorar as cargas económicas para a obtención de licenzas (avais)** e asemade terá prioridade a dotación dos servizos básicos municipais nos ámbitos incluídos nas ordenanzas 6A, 6B e 11 e 12 do PXOM nos núcleos rurais tradicionais.

8. Elaborar, no menor prazo posible, un rexistro detallado do patrimonio viario público no ámbito rural.

9. Tratar de dar solución a discriminatoria situación das vivendas que quedaron fóra da ordenación no actual PXOM.

MOBILIDADE

Mellorar a mobilidade e a conectividade da poboación rural, tanto entre o rural e a cidade, como dentro do propio rural.

10. Mellorar a mobilidade e a conectividade da poboación rural, tanto entre o rural e a cidade como dentro do propio rural. **Poñerase en marcha un servizo de transporte a demanda** co fin de atender as necesidades dos núcleos menos poboados. Neste sentido, teranse en conta os datos do Pacto Local pola mobilidade e os que sexan aportados tanto a través do PEMUS **actualmente en fase de redacción**, como os que se poidan obter da propia prestación do servizo. Garantindo que en todos os núcleos e parroquias nos que exista demanda suficiente dotaráselles do servizo correspondente.

11. Asegurar o mantemento e conservación das vías rurais, tanto no tocante ás obras (rebacheados, etc.), como ás necesarias accións de limpeza de cunetas e sumidoiros e de rozado de maleza. A tales efectos, deberá deseñarse un calendario anual que estableza una orde de rozas en todas as parroquias rurais, que garanta un mínimo de dúas rozas anuais, e que será trasladado aos representantes veciñais para o seu coñecemento.

12. O tractor-rozador froito dos orzamentos participativos do 2017, considerado, elemento fundamental para manter a rede viaria en bo estado debe poñerse en permanente funcionamento.

13. Dotar de sinalización vertical e marquesiñas a núcleos e parroquias. Asemade farase un mantemento anual destes elementos.

14. Incrementar a dotación especial de Policía Rural, a actual é considerada insuficiente.

DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

Promover un desenvolvemento económico sostible e ligado ao medio natural, e en particular:

15. Apoiar á creación de iniciativas empresariais en sectores medioambientalmente estratéxicos.

16. Apoiar á diversificación das explotacións forestais e agrícolas, para progresar cara una paisaxe multifuncional, de tal forma que a biodiversidade sexa, á vez, un pilar e un resultado da actividade económica.

17. Reclamar da administración competente a finalización da concentración parcelaria nas parroquias de Figueiras e Villestro. En relación co anterior, prever unha reserva de espazo a cargo das masas común e das parcelas non reclamadas para a comunicación do periférico norte, así como para futuras ampliacións da rede viaria.

18. Incentivar iniciativas de economía (agricultura) circular que reutilizan, reciclan e revalorizan os residuos propios, e que teñen, polo tanto, unha pegada ecolóxica baixa (menor utilización de enerxía das fontes non renovables e diminución das emisións).

19. Apoiar a creación de redes de produtores ecolóxicos locais e fomentar a comercialización e o consumo en circuitos curtos, na propia localidade.

20. Nas políticas municipais de axudas levadas a cabo desde o departamento de Promoción Económica, primar as iniciativas no rural, especialmente as que fomenten o asentamento da poboación nestas áreas.

21. Elaborar un estudo de oportunidades de investimento no rural de Compostela.

22. Garantir a compatibilización de usos, evitando unha visión idílica do rural, como espazo natural e ilimitadamente produtivo, e que deliberadamente se despreocupa das problemáticas que as actividades produtivas poden comportar, en termos de malos olores, residuos orgánicos non xestionados, etc.

MEDIO AMBIENTE

Preservar e, no posible, mellorar, a calidade ambiental da área rural do Concello de Santiago, mediante as seguintes acción:

23. Aumentar as medidas de control de actividades con risco ambiental, e tamén as punitivas e as coercitivas para a subsanación dos danos dentro das competencias municipais. En particular:

a. Incrementar a vixilancia de verteduras de actividades agrícolas, gandeiras e industriais.

b. Esixir adecuadas medidas de control do risco ecolóxico e benestar animal nas granxas de animais salvaxes e domésticos.

c. Implantar accións para a vixilancia e control de pragas (animais, vexetais e microbiolóxicas), incluíndo as terras explotadas, os espazos naturais, e os cursos de auga.

24. Dentro do contrato de limpeza e recollida de lixo, terase en conta a recollida selectiva no ámbito rural, garantindo unha distribución de contedores axeitados e suficientes para a atención das necesidades da poboación, tanto de orgánicos, como de papel e cartón, envases, vidro e resto.

25. Executar nos casos de competencia municipal a clausura dos vertedoiros incontrolados e a recuperación das áreas afectadas. Intervir ante outras administración para evitar situacións como a provocada polo vertedoiro de Miramontes.

26. Limpar ríos e regatos dentro do seu ámbito competencial e reclamar o seu coidado da Administración competente nos demais casos.

27. Rozar camiños, pistas forestais e pistas da concentración parcelaria, co fin de evitar incendios e dificultar a súa propagación, favorecer a mobilidade das persoas, do gando, etc., tal como xa foi apuntado no bloque relativo á mellora da mobilidade.

28. Implantar medidas de conservación da biodiversidade, tanto normativas coma no planeamento e na ordenación do territorio, e **crear corredores ecolóxicos que conecten as zonas de protección de espazos naturais**. Este punto debe vincularse, xa que é complementario, coa diversificación das explotacións e co uso renovado do monte propostos no epígrafe anterior, e co estímulo á multifuncionalidade da paisaxe rural.

29. Recuperar e mellorar os espazos de ocio fluvial, como Chaián, e Barciela-Illa do refuxio, e valorizar o LIC Río Tambre, incluído na Rede Natura 2000 e promover a declaración como ENIL do Souto, entre outros.

CULTURA, OCIO E BENESTAR

Mellorar a calidade de vida no rural e, paralelamente, afondar no achegamento da poboación urbana ao rural:

30. Integrar o rural na política cultural do Concello, elaborando unha oferta sociocultural (actividades deportivas, musicais, culturais, etc.), **de interese e con continuidade**, para poboación residente, por un lado, pero tamén puntualmente atractiva para a poboación urbana, gran descoñecedora do rural do seu propio concello, co fin de facilitar o seu achegamento (exemplo: actividades municipais nalgunha das magníficas carballeiras, como proxeccións de cine ao aire libre, festivais de música popular, etc.). Para isto é preciso planear una axeitada difusión no ámbito urbano, co fin de dar a entender que as actividades están dirixidas a toda a poboación, non só á rural, fomentando e motivando así a participación dos habitantes da cidade.

31. Diseñar unha rede de sendas peonís e ciclables, aproveitando vías

preexistentes que sirvan a estes dous propósitos: 1. Que faciliten o paseo da poboación local (envellecemento activo), e 2. Que discorran do rural a cidade, e viceversa, para facilitar o seu uso pola poboación urbana e, polo tanto, o achegamento desta ao rural, conectando a cidade co rural, ou mesmo posibilitando o uso da bicicleta como medio de transporte. Exemplos serían:

a. Vía Verde prevista dende hai anos (percorre o concello desde Amio pasando por A Sionlla, Verdía, Busto e Neiro ata o concello de Oroso, aproveitando a vella vía do tren; posibilitaría a dinamización do rural Norte e a súa conexión coa cidade).

b. Ruta de sendeirismo de longo percorrido por todo o termo municipal (existe de feito una proposta de trazado nunha web municipal: <http://www.parquefluvialdesantiago.org/andaina-longo-percorrido/>).

c. Circuito BTT, que comunique as parroquias do rural e estas co centro da cidade (e que permitiría activar o centro BTT municipal de Santa Susana, que mesmo conta con web municipal: <http://www.bttsantiago.gal>).

32. Mellorar o mantemento e accesibilidade dos centros socioculturais rurais, dotándoos de calefacción e do mobiliario precisos para garantir a súa funcionalidade e fomentar así o seu uso, incluído o de Centros de Día en parroquias a determinar.

33. Poñer en valor o patrimonio e as tradicións do rural compostelán, das que é exponente destacado o Entroido Rural Tradicional dos Xenerais da Ulla, declarado Festa de Interese Turístico de Galicia, e que, a día de hoxe, depende moito máis do voluntarismo das parroquias implicadas que da sensibilidade do Concello. No mesmo sentido, activar o Centro de Interpretación de Vilvestro (<http://www.centrointerpretacionvilvestro.org/es/>) ou o chamado Centro de Interpretación do Medio Rural da Portela (<https://compostelaverde.santiagodecompostela.gal/places/centro-de-interpretacion-do-medio-rural-da-portela>), ambos de propiedade municipal e baleiros de contido na actualidade, malia o importante investimento inicial.

INFORMACIÓN, COMUNICACIÓN, PARTICIPACIÓN

Evitar a incomunicación e illamento do rural, e en concreto:

34. Xestionar o 100% do acceso a Internet con fibra óptica, a través dos convenios coa Xunta de Galicia e a Administración Xeral do Estado lográrase a inclusión de todos os núcleos das parroquias dentro dos plans Programa de banda larga, así como no Programa de Extensión de banda larga de nova xeración.

35. Subministrar paneis informativos a todas as aldeas, nos que publicar información municipal e toda aquela de interese veciñal.

36. Establecer canles regulares e eficaces para propiciar a participación, a codecisión, a coordinación e a comunicación coa veciñanza do rural, mediante a activación dos Consellos sectoriais, que deben ser convocados con regularidade e posuír orzamento e cometido reais.

SEGUIMENTO

Para garantir a consecución do obxectivo xeral desde Pacto, así como a execución

das accións nel incluídas, estableceranse as medidas oportunas para garantir o seguimento e control do seu cumprimento.

Neste senso, constituirase no primeiro semestre do 2023 o Consello do Medio Rural no que estarían representados todos os Grupos Políticos con representación municipal e as asociacións de veciños do medio rural. Este Consello reuniríase de xeito ordinario alo menos unha vez cada seis meses e avaliaría o cumprimento do presente Pacto.

9. PROPOSICIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG PARA ACTUALIZAR A NORMATIVA URBANÍSTICA DESTINADA A REVITALIZAR A CIDADE HISTÓRICA, COA PROTECCIÓN DOS EDIFICIOS E DO COMERCIO TRADICIONAL, CO OBXECTIVO DE INCREMENTAR O SEU CENSO DE RESIDENTES.

O texto da proposición presentada ten o seguinte contido:

“O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte proposición para actualizar a normativa urbanística destinada a revitalizar a Cidade histórica, coa protección dos edificios e do comercio tradicional, co obxectivo de incrementar o seu censo de residentes.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En 1970 había máis de 14.000 persoas censadas no ámbito que comprende a améndoa da Cidade histórica de Santiago de Compostela, que se reduciron a 2.940 na actualidade, segundo unha análise de datos do padrón municipal. Só na última década se perderon 980 persoas residentes nese ámbito, en boa parte, debido a un cambio socioeconómico que provocou o actual modelo de turismo e un incipiente proceso de xentrificación.

Desde 2006, Santiago de Compostela dispón dun rexistro de soares concibido como un instrumento urbanístico para o fomento da edificación, que busca garantir o cumprimento dos deberes urbanísticos que pesan sobre a persoa propietaria. Preténdese con este instrumento non só evitar fenómenos especulativos, senón tamén a revitalización de zonas urbanas que presenten algún síntoma de degradación, preservar a imaxe urbana da cidade e garantir as condicións adecuadas de salubridade e ornato público.

Así, esta ordenanza reguladora do rexistro municipal de soares e edificacións que cómpre rehabilitar no concello de Santiago, aprobada por acordo do Pleno da Corporación o 30 de marzo de 2006 e publicada no BOP da Coruña do 22 de maio de 2006, ten por obxecto establecer os prazos en que as persoas propietarias de soares, de edificacións declaradas en ruína ou inadecuadas e de construcións paralizadas deberán proceder á súa edificación, así como a regulación do contido, organización e funcionamento do libro de rexistro de soares e edificios que cómpre rehabilitar e as consecuencias derivadas do incumprimento do deber de conservación ou edificación.

Ao abeiro desta ordenanza, as persoas propietarias de soares e de construcións en ruína ou inadecuadas deberán emprender a edificación nos termos que se establecen. No solo urbanizábel e no solo urbano non consolidado, o prazo para o cumprimento do deber de edificar comezará a contarse desde a conversión dos terreos en soares.

O deber de edificar aféctalles a persoas propietarias dos predios en que existan construcións paralizadas, ruinosas, derruídas ou inadecuadas ao lugar en que radiquen, e estes deberán emprender a edificación nos prazos sinalados. De acordo con esta ordenanza, en caso de que o planeamento prohiba a substitución total ou parcial das edificacións existentes ou impoña a conservación de determinados elementos ou a súa rehabilitación integral, o deber de edificar entenderase como deber de rehabilitar, respectando, ao se materializaren os correspondentes aproveitamentos urbanísticos, os elementos dotados de protección.

En canto aos prazos aplicábeis para o cumprimento do deber de edificar ou de rehabilitar, a ordenanza recolle que serán os fixados polo planeamento xeral ou de desenvolvemento, en función da clasificación e cualificación do solo e das circunstancias específicas que concorran en determinadas áreas ou soares que serán apreciadas de forma motivada, e, de non os haber, o prazo será de dous anos. Así mesmo, a ordenanza recoñece que poderán reducirse os prazos nos supostos de ruína inminente, risco de deterioro acelerado da edificación ou en función da importancia do ben que se protexe, que se motivarán en cada caso. A administración poderá conceder prórrogas cunha duración máxima conxunta dun ano, por pedimento das persoas interesadas, por causas xustificadas e de forma motivada.

Cómpre ter en conta que os prazos que se marcan na ordenanza non atenden a un procedemento áxil para evitar a perda do valor patrimonial da Cidade histórica, que hai unha carencia de persoal técnico para a súa tramitación e que no período 2012-2020 non se exerceron as funcións deste rexistro municipal de soares e edificacións. Dos 123 inmóbeis que estaban inscritos en xaneiro de 2021, é necesario saber cantos teñen posibilidade de seren rehabilitados, mediante edificación forzosa ou rehabilitación forzosa, e cantos van ter que se someter a poxa pública. Así, ante a progresiva perda de poboación na Cidade histórica revisar esta ordenanza no relativo aos prazos pode contribuír a permitir gañar celeridade na tramitación e conseguir que sexa un instrumento máis áxil e efectivo.

Isto debe complementarse coa dotación extraordinaria de orzamento para que o Consorcio da Cidade de Santiago poida fornecer das axudas necesarias para que estes inmóbeis poidan rehabilitarse, de cara a mellorar as condicións de habitabilidade para o seu uso residencial, preferentemente baixo a fórmula de alugueiro con prezos regulados.

A declaración que recibiu Santiago de Compostela como Patrimonio da Humanidade por parte da Unesco constitúe un recoñecemento internacional e, ao mesmo tempo, supón unha gran responsabilidade para garantir a protección e conservación de todos eses valores para as xeracións futuras, tal como especifica a web das Cidades Patrimonio da Humanidade.

Neste sentido, existen unha serie de obrigas que as cidades deben acometer como o mantemento dos centros históricos, a protección ambiental que en moitos casos foi degradada por desafortunadas intervencións modernas, a restauración e rendibilidade de gran cantidade de patrimonio edificado de carácter monumental e todos aqueles problemas que produce o feito de enfrontar unha configuración do pasado coa vida actual.

Seguindo as indicacións da Unesco, en Santiago elaborouse un Plan de xestión integral para permitir idear políticas transversais en canto á configuración da Cidade

histórica como conxunto patrimonial protexido de uso preferentemente residencial e punto de atracción de visitantes na procura dun turismo sustentábel, en cumprimento das condicións esixidas por ser Santiago de Compostela Cidade Patrimonio da Humanidade.

O propósito dese plan de xestión integral é coordinar a planificación estratéxica e as decisións relevantes que lle afectan á Cidade histórica e, a través dela, á cidade de Santiago de Compostela no seu conxunto e garantir a coherencia e cohesión interna dos diferentes plans, programas e grandes proxectos que se desenvolvan nos próximos anos. Ten como obxectivos fomentar a prioridade do uso residencial, a revitalización do ámbito da Cidade histórica, a valorización dos seus espazos, a definición das novas edificacións, a mellora da conectividade e o acrecentamento dos seus valores culturais e arqueolóxicos.

Na Cidade histórica hai outro problema grave que é a substitución de establecementos tradicionais que proporcionan bens e servizos á poboación local polas tendas de *souvenirs*, perdendo unha parte do patrimonio material e inmaterial da localidade. Neste sentido, cómpre elaborar unha normativa municipal sobre o comercio de *souvenirs* ou declaración de zonas saturadas e adoptar medidas de apoio a aqueles establecementos que, pola súa longa traxectoria e/ou por subministraren bens e servizos esenciais, deben considerarse de interese local, con políticas de rexeneración urbana para atallar a proliferación de baixos comerciais baleiros. Trátase dunha medida que se pode facer desde o propio Consorcio da Cidade de Santiago e que o BNG xa propuxo en diversas ocasións, cun incremento do orzamento procedente doutras administracións, para pór en marcha unha estratexia municipal de adquisición e de rehabilitación de baixos comerciais baleiros e ofrecelos en réxime de alugueiro a iniciativas comerciais de interese municipal, con prioridade aos proxectos da xente nova desempregada, co obxectivo tamén de manter e de recuperar oficios tradicionais, construír ferramentas para combater o cambio climático centradas na reparación de obxectos, na compra-venda de artigos de segunda man e que favorezan a economía circular.

Evidentemente, para que isto poida ser unha realidade, as administracións que conforman o Consorcio deben incrementar as súas achegas, conxeladas desde hai anos despois dunha progresiva e importante redución das contribucións das entidades consorciadas. Despois da promesa dunha choiva de millóns realizada en xullo de 2021 impúxose de novo unha achega con que é imposíbel afrontar retos como o que vimos de enunciar.

Tamén é necesario un maior investimento nas liñas de axudas para a accesibilidade, insonorización, conexión a internet e confortabilidade das vivendas da Cidade histórica, xunto coa creación de novos servizos, co fin de que se poida instalar xente nova, familias con crianzas e estudantes, para garantir o relevo xeracional da poboación residente.

Isto debe complementarse cunha boa dotación de servizos básicos no relativo á mellora da iluminación de rúas con lámpadas de maior eficiencia enerxética, instalación de papeleiras adecuadas ao volume de persoas que visitan a Cidade histórica, frecuencia de baldeo e de limpeza de rúas, melloras na recollida selectiva de residuos, novos emprazamentos dos colectores en lugares máis afastados de edificios emblemáticos, control do tráfico, campañas de sensibilización para evitar o ruído nocturno e de grupos, e dinamización artístico-cultural para incentivar as compras no comercio tradicional. En definitiva, medidas para gañar calidade de vida para atraer

persoas residentes e para fomentar a instalación de comercios, negocios e servizos sustentábeis que xeren novos fluxos de tránsito peonil por todas as rúas que conforman a améndoa.

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

1.- O Concello de Santiago, a través dos departamentos e do órgano de Goberno local correspondentes, realizará unha modificación da Ordenanza reguladora do Rexistro municipal de soares e edificacións que cómpre rehabilitar no concello de Santiago, que permita a axilización do procedemento ante a perda acelerada de residentes na Cidade histórica e a deterioración de inmóbeis patrimoniais, co fin de frear o seu despoboamento, a perda de monumentalidade e a progresiva desaparición de establecementos orientados á veciñanza.

2.- O Concello de Santiago, a través dos departamentos e do órgano de Goberno local correspondentes, realizará unha nova ordenanza sobre o comercio de interese local na Cidade histórica, destinada a preservar os establecementos tradicionais e os que subministran bens e servizos esenciais, para evitar a súa progresiva desaparición e atallar a proliferación de baixos comerciais baleiros e de comercios de *souvenirs*. Esta ordenanza incluírá, ademais, medidas de fomento para promover a apertura de novos establecementos que subministren bens e servizos esenciais na Cidade Histórica.

3.- O Concello de Santiago solicitará unha dotación extraordinaria de fondos das administracións da Xunta e do Estado para a urxente compra e rehabilitación de inmóbeis que conforman o patrimonio edificado de carácter monumental en risco de desaparecer polo seu estado ruinoso, que serán destinados preferentemente a vivenda en réxime de alugueiro.”

O señor Guinarte está ausente da sesión.

Rematado o debate, o Pleno da Corporación por 6 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras presentes dos grupos municipais do BNG e de CA (1 BNG e 5 CA) e 17 abstencións correspondentes aos concelleiros e concelleiras presentes dos grupos municipais do PSdeG-PSOE, do PP e do concelleiro non adscrito (8 PSdeG-PSOE, 8 PP e 1 N/A), acorda:

1. O Concello de Santiago, a través dos departamentos e do órgano de Goberno local correspondentes, realizará unha modificación da Ordenanza reguladora do Rexistro municipal de soares e edificacións que cómpre rehabilitar no concello de Santiago, que permita a axilización do procedemento ante a perda acelerada de residentes na Cidade histórica e a deterioración de inmóbeis patrimoniais, co fin de frear o seu despoboamento, a perda de monumentalidade e a progresiva desaparición de establecementos orientados á veciñanza.

2. O Concello de Santiago, a través dos departamentos e do órgano de Goberno local correspondentes, realizará unha nova ordenanza sobre o comercio de interese local na Cidade histórica, destinada a preservar os establecementos tradicionais e os que subministran bens e servizos esenciais, para evitar a súa progresiva desaparición e atallar a proliferación de baixos comerciais baleiros e de comercios de *souvenirs*. Esta ordenanza incluírá, ademais, medidas de fomento para promover a apertura de novos establecementos que subministren bens e servizos esenciais na Cidade Histórica.

3. O Concello de Santiago solicitará unha dotación extraordinaria de fondos das

administracións da Xunta e do Estado para a urxente compra e rehabilitación de inmóbeis que conforman o patrimonio edificado de carácter monumental en risco de desaparecer polo seu estado ruinoso, que serán destinados preferentemente a vivenda en réxime de alugueiro.

10. PROPOSICIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DE CA PARA QUE O CONCELLO DE SANTIAGO CONTINUÉ A IMPULSAR NOVOS ITINERARIOS ESCOLARES SEGUROS E A RECUPERACIÓN DO PROGRAMA 'COLECAMIÑOS'

O texto da proposición presentada ten o seguinte contido:

“O Grupo Municipal de Compostela Aberta, ao abeiro do regulamento orgánico municipal do Concello de Santiago, presenta a seguinte proposición para o seu debate no Pleno. O obxectivo do acordo consiste na ampliación do programa de camiños escolares seguros ‘Colecamiños’ impulsado no anterior mandato municipal e actualmente paralizado e sen novas incorporacións.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O proxecto de camiños escolares seguros Colecamiños foi unha experiencia pioneira en Santiago que se desenvolveu no anterior mandato municipal 2015-2019 coa intención de promover un cambio nas pautas de mobilidade das crianzas da nosa cidade. Os "camiños escolares" non foron proxectos de carácter exclusivamente educativo, senón que tamén procuran que o alumnado poida moverse con seguridade e autonomía polas rúas e recupere o uso e aproveitamento do espazo público.

Trátase, pois, de proxectos que inciden de forma directa e global na trama urbana da cidade e que afectan a todas as áreas da xestión local ou municipal que teñen competencias no deseño, na habitabilidade e na seguridade do espazo público. Neste sentido o departamento impulsor e sobre o que recae o peso do proxecto é a Policía Local, que como policía de proximidade xoga un papel importante para favorecer a seguridade e a autonomía dos nenos e nenas nos seus desprazamentos ao colexio.

Entre os obxectivos do Colecamiños destacan: incrementar o número de menores que acoden a diario camiñando ao colexio desde as súas casas, fomentar modos de desprazamento máis sostibles, favorecer que as nenas e nenos acudan en compañía de amigos e compañeiros, minimizar os riscos nos accesos escolares, diminuír a inseguridade viaria existente, implicar aos familiares no proxecto para garantir maiores cotas de autonomía infantil, impulsar que o alumnado recupere o uso e aproveitamento do espazo público, integrar no contexto diario as normas e os valores inculcados na aula sobre a educación viaria para axudar a mudar as actitudes nesta materia e os hábitos de comportamento e fomentar a conciencia ecolóxica.

Ademais, os Colecamiños inclúen diversas actividades e fases de planificación que permiten sensibilizar á comunidade educativa, con especial fincapé no caso das crianzas, da importancia de organizar, crear e facer uso das rutas para desprazarse a pé ao colexio. Entre outras actividades realízanse obradoiros de sensibilización, análises da visión infantil a través de enquisas e charlas, encontros coa comunidade educativa, deseño das rutas máis seguras e puntos de encontro, modificacións urbanísticas para adaptar os espazos seguros aos máis pequenos, sinalización horizontal e vertical dos percorridos e das zonas disuasorias para os vehículos onde deixar e recoller os escolares, charlas educativas sobre seguridade viaria, charlas informativas coas persoas voluntarias que ofrecen aos escolares a posibilidade de

cruzar con maior seguridade viaria, concurso de debuxos infantís, establecemento das “tendas amigas” cuxo persoal tamén axudará aos nenos e nenas cando poida ocorrer calquera contratempo, comunicación ás comunidades veciñais que contan con saídas de vehículos nos percorridos, campaña da “multa cívica” ou a campaña e concurso de cartas “Agora aconséllvos eu!”.

Un proxecto de Camiños Escolares, que conta cunha mascota moi especial ‘Moito Olliño’ e que, no anterior mandato, estaba aberto a calquera colexio cuxos responsables mostren implicación e sensibilidade nos valores que transmite, como é o caso dos Colexios Apóstolo Santiago, do López Ferreiro ou o de Vite onde mostraron interese en desenvolver o programa. As boas cifras de acollida poden resumirse que en febreiro de 2019 eran máis de 150 as crianzas inscritas a través das súas familias na *app* do *Colecamiños*. Sendo o centro con máis participantes o CEIP Pío XII, cun total de 58; seguido polo CEIP Raíña Fabiola, con 50, e finalmente o Ramón Cabanillas onde xa había 44 inscritas e coas súas pulseiras.

Tendo en conta todo o anterior, e que son moitas as comunidades educativas interesadas e que pola contra nos últimos catro anos o goberno municipal non implementou ningún colecamiño novo, o Grupo Municipal de Compostela Aberta presenta para debate plenario, o seguinte **ACORDO**:

Instar ao correspondente órgano de goberno a recuperar e volver impulsar o programa ‘Colecamiños’ coa dotación de recursos e incorporación no mesmo, das comunidades educativas interesadas.”

Ausentes da sesión o señor Guinarte e a señora Abal.

Rematado o debate, o Pleno da Corporación por 15 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras presentes dos grupos municipais de CA, do PP, do BNG e do concelleiro non adscrito (5 CA, 8 PP, 1 BNG e 1 N/A) e 7 abstencións correspondentes aos concelleiros e concelleiras presentes do grupo municipal do PSdeG-PSOE, acordan instar ao correspondente órgano de goberno a recuperar e volver impulsar o programa ‘Colecamiños’ coa dotación de recursos e incorporación no mesmo, das comunidades educativas interesadas.

Faise un receso cando son as 14:35 horas, reanudándose a sesión ás 16:10 horas.

Non se reincorporán á sesión as concelleiras dona María Mercedes Rosón Ferreiro nin dona María Castelao Torres.

11. PROPOSICIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO PP SOBRE O INCREMENTO DA TRANSPARENCIA E A PARTICIPACIÓN INSTITUCIONAL POR PARTE DO GOBERNO LOCAL

A proposición presentada ten o seguinte contido:

“O Grupo Municipal do Partido Popular, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, a seguinte PROPOSICIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A pesar de existir unha ampla compilación de normas que sinalan a importancia, e mesmo a obriga, de que en cada unha das administracións públicas se adopten medidas para incorporar a máxima transparencia na súa acción, de modo que tanto os representantes públicos como o conxunto da cidadanía poidan ter acceso a toda a

información para poder fiscalizar mellor o seu labor, no Concello de Santiago e durante o actual mandato estanse a manter costumes e prácticas por parte do Goberno que dificultan ese seguimento.

Ese proceder estase a intensificar nos últimos meses, apurando ao máximo os prazos para a entrega de convocatorias e de documentación para analizar os asuntos a abordar nos plenos e nas comisións informativas, moitos deles cunha complexidade que precisa dun estudo e asesoramento en profundidade; tamén resulta patente na habitual comunicación a última hora -cando esta se envía- de actos institucionais, dentro e fóra do propio consistorio, que semella ter o propósito de evitar que os grupos da oposición poidan asistir.

As irregularidades na transparencia e na participación esténdense ás demoras ou incumprimentos no envío de datos e solicitudes de información, que son requiridos formalmente, incumprindo o sinalado nas propias normas municipais; por non citar a inclinación partidaria das informacións nos soportes institucionais que agachan as iniciativas da oposición, mesmo aquelas que son aprobadas por unanimidade; sen esquecer o emprego das roldas de prensa para fins partidistas como o anuncio da candidatura á reelección do actual alcalde desde o estrado da sala de prensa do Concello.

Esta falta de información e de participación non afecta en exclusiva aos grupos municipais, posto que a través das suxestións e queixas que se presentan ante o Concello tamén se comproba que a padecen un gran número de veciños e veciñas que reclaman unha maior atención e o cumprimento das normas de transparencia e bo goberno que deben presidir o funcionamento da administración pública.

Tendo en conta este estado de cousas, o Grupo Municipal Popular presenta para a consideración da Corporación Municipal a adopción do seguinte

ACORDO

O Pleno insta ao correspondente órgano a que incremente a transparencia e a participación institucional na acción do Goberno local, velando polo cumprimento en tempo e forma das normas e códigos de aplicación para o bo goberno municipal.”

Rematado o debate, o Pleno da Corporación por 14 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras presentes dos grupos municipais do PP, de CA, do BNG e do concelleiro non adscrito (7 PP, 5 CA, 1 BNG e 1 N/A) e 8 abstencións correspondentes aos concelleiros e concelleiras presentes do grupo municipal do PSdeG-PSOE, acordan instar ao correspondente órgano a que incremente a transparencia e a participación institucional na acción do Goberno local, velando polo cumprimento en tempo e forma das normas e códigos de aplicación para o bo goberno municipal.

12. PROPOSICIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DE CA PARA AUMENTAR AS AXUDAS PARA A REHABILITACIÓN DE EDIFICIOS COA INSTALACIÓN DE ASCENSORES E OS ÁMBITOS PARA A SÚA APLICACIÓN

A presente proposición queda pendente para ser tratada na sesión ordinaria do mes de xaneiro.

13. DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA, CONCELLARÍAS DELEGADAS E ACTAS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL.

Dáse conta das resolucións da alcaldía e das concellarías delegadas do período comprendido dende o 18 de novembro ata o 7 de decembro de 2022 (ambos inclusive).

Así mesmo, tamén se da conta das seguintes actas da Xunta de Goberno:

ASUNTO XGL/2022/00050054Z

Acta da sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local do 9 de novembro de 2022.

ASUNTO XGL/2022/00050197L

Acta da sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local do 10 de novembro de 2022 (ás 10:30 h.).

ASUNTO XGL/2022/00050328N

Acta da sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local do 10 de novembro de 2022 (ás 14:00 h.).

ASUNTO XGL/2022/00050525W

Acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 14 de novembro de 2022.

ASUNTO XGL/2022/00051235E

Acta da sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local do 15 de novembro de 2022.

ASUNTO XGL/2022/00051747M

Acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 21 de novembro de 2022.

ASUNTO XGL/2022/00052199C

Acta da sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local do 22 de novembro de 2022.

ASUNTO XGL/2022/00052739P

Acta da sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local do 24 de novembro de 2022.

ASUNTO XGL/2022/00052793Q

Acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 28 de novembro de 2022.

ASUNTO XGL/2022/00054141F

Acta da sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local do 30 de novembro de 2022.

ASUNTO XGL/2022/00054366W

Acta da sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local do 1 de decembro de 2022.

14. COMPARECENCIA DO CONCELLEIRO DELEGADO DE MOBILIDADE, SEGURIDADE CIDADÁ E FESTAS.

Comparece don Gonzalo Muíños Sánchez, a petición do grupo municipal do BNG.

15. COMPARECENCIA DO CONCELLEIRO DE MOBILIDADE E SEGURIDADE CIDADÁ, BARRIOS E RELACIÓNS VECIÑAIS.

Comparece don Gonzalo Muíños Sánchez, a petición do grupo municipal de CA.

Durante a comparecencia auséntase o señor alcalde da sesión cando son as 17:35 horas e pasa a presidir o señor Guinarte Cabada.

Faise un receso cando son as 17:45 horas, que dura ata as 18:05 horas.

Non se reincorporan á sesión os concelleiros don Evaristo Ben Otero nin don Jorge Carlos Duarte Vázquez.

16. ROGOS, PREGUNTAS E INTERPELACIÓNS.

Interpelación:

1. Formulada polo PP en relación á Vía Verde.

Rogos:

1. Formulado por CA sobre elementos perigosos na intersección da rúa dos Concheiros con Rodríguez de Viguri.
2. Formulado por CA para habilitar un espazo de “paso e parada” ou “estacionamento express” nas inmediacións da escola infantil de Conxo.
3. Formulado polo BNG para retirar os entullos e material de obra acumulados nunha parcela municipal en Salgueiriños.
4. Formulado polo PP para a axilización da autorización das tarxetas de aparcamento para persoas con mobilidade reducida ou dependencia.
5. Formulado por CA para eliminar a actual rotonda situada na rúa do Hórreo con San Pedro de Mezonzo.

Preguntas resposta oral:

1. Formulada polo PP sobre a falta de execución do proxecto de “acondicionamento do camiño agrícola en Requesende-Sabugueira”.
2. Formulada por CA sobre os traballos desenvolvidos polo tractor rozador adquirido con cargo aos orzamentos participativos.
3. Formulada por CA sobre o convenio entre o concello e a Xunta de Galicia para mellorar a accesibilidade e a mobilidade no contorno do CHUS.
4. Formulada polo BNG sobre pintado de paso de peóns na rúa do Campiño de San Francisco.
5. Formulada polo PP sobre a execución do proxecto para o aparcamento da rúa Triacastela.
6. Formulada polo PP sobre as vías municipais que foron obxecto de análise e modificación dos límites de velocidade.
7. Formulada polo PP sobre a inmediata protección do recinto deportivo de Figueiras e a previsión de licitación e execución das obras inconclusas.
8. Formulada por CA sobre horarios da biblioteca pública municipal “José Saramago”.

A interpelación que figura na orde do día, posponse para ser tratada no pleno ordinario do mes de xaneiro.

Durante o debate das preguntas cando son as 18:35 horas reincorpórase á sesión o concelleiro D. Jorge Duarte Vázquez.

A pregunta oral que figura como núm. 3 tratase despois da moción núm. 5.

17. TOMA EN CONSIDERACIÓN DE MOCIÓNS PRESENTADAS POLOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS:

A moción que figuraba como núm. 6 presentada polo PP, queda pendente para ser tratada na próxima sesión plenaria ordinaria.

Os textos das mocións presentadas e tratadas na presente sesión son os que a continuación se relacionan:

MOCIÓN PARA URXIR A LICITACIÓN E EXECUCIÓN DA SENDA PEONIL A FIGUERAS E OUTRAS MELLORAS NA ABA DO MONTE PEDROSO

O Grupo Municipal do Partido Popular, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, a seguinte MOCIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Asociación Veciñal “Aba do Pedroso” deu a coñecer recentemente unha serie de demandas en relación co seu ámbito de actuación, coas que trata de remediar, cando menos en parte, “o estado de abandono” da zona comprendida entre Monte dos Chaos, Rúa dos Asidros, Bar de Abaixo e Bar de Arriba”.

De entre as cuestións formuladas, adquire especial relevancia a referida á inseguridade na estrada provincial DP-7803 que conecta o Carme de Abaixo coa parroquia de Figueiras na que, pola falta de beirarrúas e beiravías, “se xogan literalmente a vida todos os días” as persoas que se vén obrigadas a transitar por ela.

A mellora da seguridade peonil na DP-7803 é unha vella reivindicación, non só da veciñanza máis directamente afectada, senón tamén do conxunto da Corporación. Houbo un primeiro intento de afrontala cun primeiro proxecto aprobado no ano 2009, que remataba no inicio da estrada ao Pedroso, que non chegou a concretarse. A demanda recuperaríase en novembro de 2015 coa aprobación dunha moción conxunta de todos os grupos municipais na que se recollía o “carácter prioritario” deste itinerario para a execución dun proxecto “para a conexión peonil e/ou mediante carril bici” cara ao centro da cidade.

Conforme a aquel acordo plenario, a Deputación Provincial retomou os trámites para abordar esta obra ao anunciar no mes de outubro de 2017 a “contratación da redacción do proxecto de senda peonil Santiago-Figueiras”, cun prazo de execución de 4 meses e un orzamento de 19.360 euros, contrato que foi formalizado en novembro de 2018 e incluído no Plan de Sendas dese mesmo ano.

O proxecto foi aprobado polo Pleno da Deputación en decembro de 2018, cun orzamento de contrata de 754.129 euros e daquela acordábase tamén o inicio dos trámites para as expropiacións necesarias, por un importe de 39.194 euros,

Dous anos e medio despois sen que se producira a licitación, en abril de 2021 a Deputación aproba o “proxecto de actualización” da senda peonil na DP-7803 p.k. 0 a 2,5, sen variación no orzamento respecto do proxecto anterior, incluíndo tamén o inicio dos trámites para a expropiación.

Ano e medio despois, sen que se producira a licitación, en setembro de 2022 a Deputación vese obrigada a aprobar unha “actualización de prezos da obra”, incrementando o orzamento inicial ata os 941.049 euros (+24,8%).

Así, pois, na actualidade e despois de 13 anos do primeiro proxecto aprobado, case 4 anos despois do segundo proxecto e 1 ano e medio desde o “proxecto de actualización” a obra continúa sen licitar e, por suposto, sen executar, polo que urxe activar ao máximo todos os pasos para impedir unha nova obsolescencia do proxecto

e conseguir canto antes a súa execución.

Polo que respecta ao resto das demandas da asociación “Aba do Pedroso”, estas refírense ao asfaltado da pista que transcorre pola rúa dos Asidros e conecta cos lugares de Bar de Abaixo e Bar de Arriba “nun estado lamentable” para a que solicitan a limpeza de marxes e reposición das conducións de abastecemento; a habilitación dunha área de aparcamento nunha finca municipal nas proximidades; e outras melloras de doada resolución, como o pintado de pasos de peóns, a limpeza de marquesiñas e de fincas con risco de incendio, ampliación do servizo de recollida de lixo, renovación dos puntos de iluminación e melloras na sinalización do Camiño de Fisterra (que podería facerse coa colaboración da Xunta de Galicia).

Consideramos este conxunto de “actuacións mínimas”, como as cualifica a propia asociación, non supoñen nunha grande investimento, senón unha maior implicación do Concello, razón pola que presentamos á consideración da Corporación Municipal o seguinte

ACORDO

O Pleno insta ao correspondente órgano do Goberno local a:

- Dirixirse á Deputación Provincial a fin de que se axilice ao máximo a licitación, adxudicación e execución do proxecto da senda peonil na DP-7803 que conecta o centro da cidade coa parroquia de Figueiras, para evitar a acumulación de novos atrasos nesta obra tan necesaria.
- Programar e executar o conxunto de melloras de competencia municipal expresadas pola asociación veciñal “Aba do Pedroso”, que se recollen na exposición de motivos desta iniciativa.

MOCIÓN PARA A MELLORA DOS SERVIZOS BÁSICOS MUNICIPAIS NO NÚCLEO DA ABA DO PEDROSO

O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción para mellora dos servizos básicos no núcleo da Aba do Pedroso.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A asociación veciñal Aba do Pedroso, recentemente constituída, trasladou unha serie de demandas para a mellora deste núcleo de poboación que comprende Monte dos Chaos, rúa dos Asidros, Bar de Abaixo e Bar de Arriba. Entre estas melloras sinalan a reurbanización con asfaltado, novas tubaxes de abastecemento e medidas de seguranza viaria, pois son carencias que arrastran desde hai anos derivadas da falta de atención municipal a este espazo tan próximo ao centro histórico.

Trátase de medidas relativas á limpeza de parcelas que poden incorrer en risco de incendio; á eliminación de maleza e sucidade nas marquesiñas das paradas de autobús de Monte dos Chaos; cuestións relacionadas coa modernización de iluminación pública, con puntos de luz obsoletos, mais tamén de seguranza por non restituír aquelas luminarias avariadas; temas vinculados á recollida de lixo en canto á frecuencia e á falta de contedores de reciclaxe; e á necesidade de mellorar a mobilidade, por ausencia de pasos de peóns en toda a estrada e pola necesidade de

habilitar novas zonas de aparcamento.

Así, demandan a reurbanización da zona, coa construción de beirarrúas e de beiravías, porque hai persoas que saen a pasear e teñen que camiñar pola estrada, co perigo que iso supón, cando hai un proxecto pendente por parte da Deputación provincial que cómpre axilizar por parte do Concello.

Tamén é necesario o asfaltado da pista da rúa dos Asidros, que une con Bar de Abaixo e Bar de Arriba, ademais da renovación da tubaxe de abastecemento de auga que en gran parte é de fibrocemento e rompe varias veces ao mes, cos consecuentes cortes de auga e molestias á veciñanza. Isto debe ser unha actuación prioritaria para incluír no Plan de Obras e Servizos (POS) do próximo ano ou para buscar colaboración con outra administración para poder corrixilo sen demora.

Por estes motivos, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

O Concello de Santiago realizará os labores de mantemento que reclama a asociación veciñal Aba do Pedroso e, en colaboración coa Deputación provincial, procederá a axilizar o proxecto de reurbanización previsto para o asfaltado e dotación de beirarrúas e beiravías, ademais da necesaria e urxente substitución da canalización de abastecemento de auga na rúa dos Asidros.

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE COMPOSTELA ABERTA PARA IMPULSAR A SENDA PEONIL DE FIGUEIRAS E ACOMETER DIFERENTES MELLORAS RECLAMADAS POLA ASOCIACIÓN VECIÑAL ABA DO PEDROSO

O Grupo Municipal de Compostela Aberta, ao abeiro do regulamento orgánico municipal do Concello de Santiago, presenta a seguinte moción para o seu debate no Pleno:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O 31 de maio de 2021, o Boletín Oficial da Provincia publicou o anuncio de modificación da 3ª fase do Plan de Sendas Peonís, que afecta á senda entre Santiago e Figueiras, aprobado no Pleno da Deputación da Coruña. Este acordo supoñía a actualización do proxecto para adaptalo a novas necesidades, sen que iso supuxera ningunha variación económica con respecto ao proxecto aprobado polo Pleno da Deputación en decembro de 2018, cun orzamento de 754.128,97 euros. Ao tempo, o BOP anunciaba o inicio dos trámites para a expropiación dos bens e dereitos necesarios para a execución das obras, ao que se destinarían algo menos de 30.000 euros.

O 30 de setembro de 2022, o Pleno da Deputación da Coruña aprobou a actualización de prezos da obra Senda Peonil na DP 7803 Santiago a Figueiras entre os PQ 0+000 ao 2+560 e Ramal inicial (Santiago de Compostela), incluído no Plan de Sendas Peonís 2018, terceira fase. O novo orzamento quedou fixado en 941.049,44 euros.

O acondicionamento da senda peonil de Figueiras é unha actuación longamente demandada pola veciñanza desde hai máis de dúas décadas. O primeiro proxecto aprobado pola Deputación da Coruña remóntase a 2009 e tiña un orzamento que non

chegaba a 500.000 euros, pero nunca se chegou a licitar. A veciñanza que se vería beneficiada por esta actuación empeza a temer que o proxecto que agora está sobre a mesa acabe correndo a mesma sorte, transcorridos catro anos da súa aprobación.

A execución da senda peonil de Figueiras é unha das principais demandas da asociación veciñal Aba do Pedroso, de recente creación, que denuncia situacións de inseguridade aos que se enfrontan a diario os veciños e veciñas que acceden ao centro de Santiago a través da estrada provincial DP-7803. O colectivo reclama, ademais, o pintado de pasos de peóns que melloren a seguridade viaria para os viandantes; e o asfaltado da pista que une a rúa dos Asidros con Bar de Abaixo e Bar de Arriba.

A Asociación Aba do Pedroso, nunha recente reunión co grupo municipal de Compostela Aberta, trasladou outras demandas das que é coñecedor o grupo de Goberno, relacionadas coa modernización do alumeadado público, a limpeza de fincas e a tala de árbores situados moi preto das casas, co conseguinte risco de incendio; ou a dotación dunha área de aparcamento, que a veciñanza propón localizar unha parcela municipal que de momento non ten ningún outro uso. En materia de recollida do lixo, o colectivo veciñal traslada a necesidade de ampliar a frecuencia da recollida e de instalar máis colectores para facilitar a separación dos residuos. Por último, a asociación Aba do Pedroso reclama que se mellore a sinalización do Camiño de Fisterra, habida conta de que é frecuente a presenza de peregrinos e peregrinas que chegan por equivocación á rúa dos Asidros.

Así pois, tendo en conta todo o anterior, o Grupo Municipal de Compostela Aberta presenta á consideración do Pleno o seguinte

ACORDO:

1. Instar á Deputación da Coruña a executar, coa maior celeridade posible, o proxecto da Senda Peonil na DP 7803 Santiago a Figueiras entre os PQ 0+000 ao 2+560 e Ramal inicial (Santiago de Compostela), incluído no Plan de Sendas Peonís 2018, terceira fase.
2. Instar ao goberno local a acometer as melloras reclamadas pola asociación veciñal Aba do Pedroso, en particular as relacionadas coa seguridade viaria e a dotación de espazos de aparcamento; a limpeza de fincas, e a recollida do lixo.

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE COMPOSTELA ABERTA PARA IMPULSAR DE FORMA URGENTE O PLAN MUNICIPAL DE XUVENTUDE E UNHA CONVOCATORIA DE PROXECTOS PARA DESENVOLVELOS NO CENTRO XOVE DA ALMÁCIGA

O Grupo Municipal de Compostela Aberta, ao abeiro do regulamento orgánico municipal do Concello de Santiago, presenta a seguinte moción para o seu debate no Pleno:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Numerosos factores conxunturais impactan actualmente na calidade de vida da mocidade. O exercicio do dereito á cultura sofre nun contexto pospandémico que suma trazos de crises concatenadas tinguidas de crecente desigualdade, minguando as expectativas da xente moza en ámbitos prioritarios para o colectivo como son a

vivenda, a cultura, a formación, o traballo e a mobilidade.

Hoxe en día non temos datos sobre a porcentaxe de mozas/os en risco de vulnerabilidade social en Compostela, mais acreditamos que é necesario coñecer este e outros datos sobre a situación da mocidade e implementar políticas de apoio urxente sendo obrigado unha abordaxe integral para afrontar os novos grandes retos. Consideramos necesario apoiar unha liña de actuación integrada por políticas culturais expansivas, é dicir, que favorezan: o incremento de actividades diversas e gratuítas, o incremento das bonificacións para o fomento do consumo cultural e un apoio decidido a actividades e procesos de creación colectiva, sen esta orientación diminúa os orzamentos precisos para desenvolver unha política de xuventude simultánea en diferentes ámbitos estratéxicos como nas áreas de urbanismo, servizos sociais, desenvolvemento económico e mobilidade. Pensamos nunha planificación política que desborda departamentos estancos.

Dende un enfoque integral que teña en conta as súas prioridades, debemos posibilitar que a mocidade de Santiago sexa suxeito activo na construción da cultura municipal, favorecendo o seu acceso ao campo cultural, proceso en ocasións pechado por quen domina a entrada ao ámbito de representación cultural.

Hai exactamente un ano, Compostela Aberta preguntou en sesión plenaria cal foi o nivel de execución desagregado por partidas dependentes do Departamento de Xuventude, en data 14 de decembro do 2022. Transcorrido un ano reiteramos a mesma petición actualizada sobre o orzamento vixente e proximamente prorrogado para os 5 meses finais do mandato.

Lembramos aquí un acordo plenario do 7 de decembro do 2020 que recolle o seguinte texto: “O Pleno da Corporación insta ao correspondente órgano de goberno á elaboración, dotación orzamentaria e posta en marcha dun ‘Plan Municipal de Xuventude’ no que se impliquen transversalmente diferentes áreas do goberno municipal para poder dar conxuntamente resposta ás necesidades de emprego, vivenda, educación e acceso á creación cultural das mozas e mozos de Santiago de Compostela.”

No final do mandato do actual goberno nada sabemos do que acontece co Plan de Xuventude recollido por petición de Compostela Aberta nos orzamentos municipais. Recordámoslle ao goberno o pacto para viabilizar os vixentes orzamentos municipais asinado con Compostela Aberta, tamén queremos saber cales son os resultados efectivos da programación do Centro Xove da Almaciga —servizo ao que se dedican máis de 140.000€ anuais—. En numerosas ocasións trasladamos a crítica e denunciámos a falta de resposta as expectativas de colectivos de mozas e mozos de Santiago que non asumen o CXA como propio.

Na última rolda de prensa do concelleiro Rubén Prol —a que non tivemos acceso vía streaming, situación de falta de transparencia que contribúe ao apagón informativo que sufrimos— coñeciamos que a orientación para este curso 2022-23 que podemos definir como continuísta, non porosa ás críticas nin flexible, alérxica a introducir os cambios necesarios no servizo. O concelleiro non considera que sexa necesaria outra oferta formativa máis ambiciosa, actualizada, consensuada, de maior calidade e interese para a xente moza que a que presentou en rolda de prensa o día 18/10/2022 e que podemos consultar de forma concreta na web do CXA.

Atendendo a todo o anterior e agardando que o goberno atenda ás necesidades das

mozas e mozos de Compostela, o Grupo Municipal de Compostela presenta á consideración do Pleno o seguinte

ACORDO:

1. Que o goberno facilite información escrita a todos os grupos municipais sobre o nivel de execución desagregado das partidas dependentes do Departamento de Xuventude.
2. Que o goberno transparente por escrito unha folia de ruta do Plan de Xuventude onde especifique o desenvolvemento das próximas fases planificadas.
3. Que o departamento de Xuventude publique unha convocatoria aberta de proxectos para desenvolver actividades e procesos culturais organizados por diferentes colectivos de mozas/os no Centro Xove da Almaciga durante o primeiro semestre do ano 2023.
4. Que o goberno abra un dialogo cos colectivos de xente moza para elaborar un programa formativo consensuado e ambicioso que permita a entrada actualizada dos contidos formativos no Centro Xove da Almaciga.
5. Que o goberno posibilite a publicación dun catálogo de recursos municipais para que a mocidade de Compostela poida planificar e desenvolver proxectos en rede aproveitando todo o territorio municipal sen esquecer o rural.

MOCIÓN PARA O URGENTE ACONDICIONAMENTO DA PRAZA DA MERCÉ DE CONXO

O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción para o urgente acondicionamento da praza da Nosa Señora da Mercé, en Conxo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A veciñanza de Conxo advirte, máis unha vez, do estado en que se atopa a praza da Nosa Señora da Mercé, na Avenida de Ferrol, co pavimento totalmente deteriorado e cuns lombos na estrada que fan que sexa moi complicada a viaxe en autobús por esa zona. É esta unha actuación urgente, que o goberno debe acometer sen máis demora, quer a través dos orzamentos de 2023 (se os houber) quer a través da previsión de utilización dunha determinada cantidade dos remanentes de 2022 para esta finalidade.

Por outro parte, queremos tamén denunciar os múltiples problemas derivados das obras realizadas a raíz proxecto de integración paisaxística do Camiño Portugués no barrio de Conxo, financiado pola Xunta con máis de 2,7 millóns de euros. Logo de que perdesse o encanto que tiña no pasado, urxe corrixir as deficiencias que presenta o Campo de Conxo, diante do Hospital Psiquiátrico, con problema de lousas levantadas, varandas que non cumpren a normativa de accesibilidade e falta de papeleiras.

Xa en marzo de 2022, o BNG reclamara a supervisión do resultado desta obra, que contou con 1,6 millóns de euros na adxudicación de agosto de 2019, dos que 415.000 euros foron destinados á zona de estacionamento para 82 prazas de vehículos. Cinco meses despois da conclusión destas obras, parte da pavimentación estaba xa naquel momento esnaquizada debido a que, previsiblemente, os materiais e a execución non

foron os máis acaídos ou carecen da calidade necesaria, polo que é necesaria unha revisión para corrixir os erros detectados co obxectivo de garantir a seguranza viaria e peonil. Xa daquela se advertiu dos desniveis e irregularidades da superficie, que agora se agravaron, da falta de diferenciación entre a zona peonil e de aparcamento, dos bordos afiados, da escasa iluminación e da mala situación dos bancos, ademais das carencias de sinalización.

Por todas estas cuestións, entendemos que estas obras non deben recepcionarse até que se reparen as numerosas deficiencias existentes.

Ademais, a asociación Conxo Aberto sinala o abandono xeral do barrio, por parte do Goberno local, en canto ao mantemento dos espazos públicos nos últimos anos.

Mención á parte requiren as obras de humanización aínda sen executar do proxecto do túnel de Conxo. Transcorridos anos de compromisos para concluír as obras de humanización e de seguranza viaria que quedaran pendentes ao abrir o túnel de Conxo en 2016, existen diversos proxectos que non satisfán as necesidades da veciñanza. Por unha parte, o Ministerio de Fomento tiña o compromiso de rematar as obras de humanización, unha obra que postergou após un investimento de 5.350.000 euros máis un reformado por 200.000 euros. De feito, a daquela ministra Ana Pastor anunciara que estaban redactando o proxecto da "mellora estética" por valor de 250.000 euros, que tiña previsto licitar en xullo de 2016.

Desde o Goberno local pasouse de defender o proxecto para cerrar a rotonda, contribuír a vertebrar o barrio e eliminar a inseguranza do tránsito rodado e peonil a presentar un novo proxecto, valorado en 600.000 euros, que busca máis zonas verdes e parece eximir ao Ministerio de Fomento do orzamento comprometido. Estes traballos céntranse na área que empeza no Campo de Conxo, cruza a rotonda da SC-20 e continúa pola rúa Sánchez Freire. Segundo anunciaron, o obxectivo é licitar esta actuación no primeiro trimestre de 2023 e posteriormente adquirir os terreos á beira da rotonda que aínda non son de titularidade municipal, ben mediante expropiación ou por cesión das persoas propietarias.

O barrio de Conxo ten necesidades que xa foron ao Pleno en diversas ocasións, que aínda están pendentes de realizar, mais urxe o arranxo inmediato da praza da Mercé.

Por estes motivos, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

1. O Pleno insta ao correspondente órgano do Goberno local a axilizar os prazos para as necesarias obras de acondicionamento da praza da Nosa Señora da Mercé, en Conxo.

2. O Pleno insta ao correspondente órgano do Goberno local a non recepcionar as obras de integración paisaxística do Camiño Portugués no barrio de Conxo, financiado pola Xunta con máis de 2,7 millóns de euros, mentres non se corrixan todas as deficiencias detectadas.

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE COMPOSTELA ABERTA PARA QUE O CONCELLO DE SANTIAGO E A XUNTA DE GALICIA ATENDAN E SOLUCIONEN VARIAS URXENCIAS NO CEIP LÓPEZ FERREIRO

O Grupo Municipal de Compostela Aberta, ao abeiro do regulamento orgánico municipal do Concello de Santiago, presenta a seguinte moción para o seu debate no Pleno:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O colexio López Ferreiro é uns dos máis populares e grandes de Santiago, e tamén ostenta o título de ser o máis antigo da cidade. Creado en 1850 como centro de prácticas adscrito á Escola de Maxisterio, o seu primeiro patio de xogo foi a propia praza do Obradoiro, xa que daquela estaba localizado no propio Pazo de San Xerome. Non será ata 121 anos despois, en 1971, cando se traslade ao seu emprazamento actual na, naquel momento recente, Avenida de Xoán XXIII.

É neste edificio, con xa máis de medio século de antigüidade, no que o actual CEIP alcanzou, no ano académico 2021-22, a cifra de 456 alumnos e alumnas, repartidos entre 132 matrículas en Infantil e 324 en Primaria, áos que hai que engadir 69 docentes. O centro conta cun servizo de comedor escolar do que son usuarios fixos 241 nenos e nens, e usuarios ocasionais outros 100.

Falamos, polo tanto, dun equipamento educativo de grande importancia para Santiago de Compostela tanto se atendemos á súa historia e á súa localización, como se atendemos ao número de alumnado matriculado. E aínda tendo isto en conta, parece que tanto Concello de Santiago como Xunta de Galicia non queren atender as necesidades de mantemento e de rehabilitación que un centro destas dimensións precisa.

Das diversas necesidades detectadas pola ANPA e a dirección do centro, merece especial mención a situación do comedor escolar. Un servizo de comedor que é autoxestionado polas propias familias e que destaca pola súa excelencia na comida, que desde o ano 2019 o fixo merecedor do distintivo Slow Food Km 0. Trátase, en definitiva, dun comedor de referencia dentro e fóra de Santiago. A pesar de todos isto, o espazo onde as crianzas comen conta actualmente con varias goteiras e moitas filtracións de auga. Unha situación do teito do comedor que é claramente incompatible cuns mínimos de salubridade, pasando, inclusive, a auga próxima a unha instalación eléctrica.

Desta situación é plenamente consciente o concelleiro delegado de Educación e, polo tanto, o propio goberno local, xa que recibiron unha solicitude e comunicación o 24 de xaneiro de 2022 na que se daba conta destas deficiencias, e doutras tamén relacionadas coa accesibilidade do centro, coa súa limpeza, coa seguridade dentro do propio centro educativo ou co mantemento xeral do edificio (VER ANEXO INCORPORADO).

O Concello atendeu só algunhas destas peticións, relativas a obras feitas fóra do propio equipamento educativo, na rúa, e non dentro do centro, acometidas desde o departamento municipal de Obras. Xa do mantemento e do bo estado do edificio, desde o departamento de Educación deixouse pasar a oportunidade de obrar nos períodos non lectivos da Semana Santa, no verán pasado e parece que imos camiño de que non se acometan estas urxencias no planning de obras a realizar neste Nadal de 2022.

Xa fora das urxencias, parece de sentido común que o propio edificio sexa tratado no

seu conxunto e que tanto desde o Concello como desde a Xunta deixen de pasarse a pelota dun tellado a outro, e que se elabore un plan de rehabilitación e posta a punto dun edificio que supera os 50 anos de idade. Non parece de recibo que as administracións públicas non dean exemplo, aínda máis, nun tempo no que á cidadanía se lle vai esixir que elabore Informes de Avaliación dos Edifícios (IAE) residenciais cando estes inmobles superen os 50 anos.

Así pois, tendo en conta todo o anterior, o Grupo Municipal de Compostela Aberta presenta á consideración do Pleno o seguinte **ACORDO**:

O Pleno do Concello de Santiago insta ao Goberno local e á Consellaría de Educación da Xunta de Galicia a

1. Acometer coa máxima urxencia, xa neste período non lectivo do Nadal 2022, as necesarias obras de mantemento para reparar as goteiras nos espazos do comedor escolar do CEIP López Ferreiro, co fin de mellorar a salubridade e prepararse para a época de choivas do inverno e primavera
2. Colaborar para realizar un Informe de Avaliación do Edificio, que con xa máis de 50 anos, conta con varias deficiencias, para posteriormente planificar e orzar as melloras e investimentos a realizar no mesmo.

MOCIÓN CONXUNTA EN RELACIÓN Á CAMPAÑA DA ILP PARA A REGULARIZACIÓN EXTRAORDINARIA DAD PERSOAS MIGRANTES NO ESTADO ESPAÑOL PROMOVIDA POLA PLATAFORMA 'ESENCIALES'

A Coordinadora Galega da ILP Regularización Xa, presenta a seguinte **Moción**, para o seu debate no Pleno da Corporación de Santiago de Compostela.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Segundo as últimas estimacións, entre 290.000 e 470.000 persoas residen de forma irregular no Estado español, das cales un terzo serían menores de idade.

O sistema de acceso á residencia contemplado na Lei de Inmigración LO 4/2000 é insuficiente e limitado e non se axusta á realidade actual dos/as emigrantes que viven e traballan no Estado español. O motivo disto é, por unha banda, que os criterios de acceso á residencia son moi restritivos e moi difíciles de cumprir e, por outra, que o procedemento administrativo implantado é lento, burocrático e ten unha alta marxe de discreción á hora de outorgar autorizacións ou renovalas.

Esta dinámica xera unha espiral de vulnerabilidade e desprotección que aumenta a exclusión social e afecta á sociedade no seu conxunto. Por iso, consideramos fundamental buscar mecanismos que garantan que estas persoas poidan saír da situación de invisibilidade e "non dereitos" como consecuencia do estado migratorio irregular.

I- Razóns que xustifican unha regularización extraordinaria.

En primeiro lugar, o respecto aos dereitos fundamentais de cada ser humano. A irregularidade é unha condena da explotación laboral, a invisibilidade ante as institucións, a desprotección xurídica ou a exclusión de facto de servizos públicos esenciais como a educación e a sanidade.

En segundo lugar, a perda dunha gran contribución económica e fiscal para a sociedade no seu conxunto. Por unha banda, a irregularidade impide que moitos/as migrantes contribúan con dignidade con capacidades que son esenciais para soste a sociedade. Por outra banda, a economía de sombras limita as contribucións fiscais destes traballadores a impostos indirectos sobre o que consomen. Unha regularización sacaría de forma rápida e efectiva o gran potencial dos seus impostos directos e as cotizacións dos empregados e empresarios ao sistema da Seguridade Social.

Finalmente, a existencia de case medio millón de persoas fóra do radar das institucións e a planificación dos servizos públicos supón un déficit de gobernanza pública que debe ser corrixido.

Cada unha destas razóns multiplicou a súa relevancia durante os meses da pandemia, durante os que as comunidades de emigrantes en situación irregular achegaron de xeito invisíbel un traballo fundamental en sectores esenciais como a atención persoal e coidados, a entrega a domicilio ou a recollida de froitas e verduras. Con isto pagaron un prezo moi alto en forma de infeccións e mortes. A nosa sociedade ten unha débeda de gratitude cun dos seus grupos máis vulnerábeis.

A política migratoria non pode permanecer á marxe da realidade socioeconómica do estado e de todas as persoas que a forman e constrúen día a día. A regularización extraordinaria permitirá visibilizar toda a poboación migrante residente no estado, compensar as desigualdades que xorden como punto de partida e, ao mesmo tempo, garantir os dereitos laborais en igualdade de condicións, reducindo situacións de abuso e explotación.

II- Un mecanismo común en moitos países, entre eles o Estado español

Este mecanismo extraordinario de regularización foi utilizado por un número significativo de países nas últimas décadas: só na UE, entre 1996 e 2008, desenvolvéronse 43 programas de regularización en 17 estados membros. As regularizacións máis recentes foron as levadas a cabo por Portugal e Italia durante a pandemia, unha resposta apoiada polo relator especial da ONU sobre os dereitos humanos das persoas migrantes.

Nos últimos 45 anos, o Estado español desenvolveu seis procesos de regularización: catro levados a cabo polo Partido Socialista e dous polo Partido Popular.

III- Unha proposta de conformidade coas leis e coherente cos compromisos internacionais.

Esta Iniciativa Lexislativa Popular é respectuosa co ordenamento xurídico actual.

De acordo co disposto, tanto a Lei Orgánica 3/1984, reguladora da Iniciativa Lexislativa Popular, como o artigo 87.3 da Constitución do Estado español, non son oportunas as iniciativas lexislativas populares en materias específicas de dereito orgánico.

Pola súa banda, o artigo 81 establece que as leis orgánicas son, entre outras, as relacionadas co desenvolvemento de dereitos fundamentais, que a Constitución do Estado española inclúe nos artigos 15 a 29.

Esta proposta só busca modificar, nun só artigo, a disposición transitoria primeira da Lei Orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades das persoas estranxeiras e a súa integración social. Esta disposición transitoria non é de carácter orgánico, xa que non regula ningún dos dereitos fundamentais que están relacionados cos artigos 15-29 da Constitución. Así o confirma a propia Lei Orgánica 4/2000, que na súa disposición final cuarta, outórgalle á citada disposición transitoria un carácter non orgánico.

O carácter non orgánico da citada disposición transitoria permite, por tanto, que se modifique por unha iniciativa lexislativa popular, con rango de lei, sen afectar, polo tanto, á materia orgánica.

A disposición transitoria orixinal ordenou ao Goberno establecer un proceso de regularización extraordinaria, que foi decretado polo Goberno no Real Decreto 238/2000. A modificación proposta modifica as datas e insta, de novo ao goberno, a propor un novo procedemento para unha nova regularización. O novo contido desta disposición mantén o seu carácter non orgánico, xa que a súa redacción é idéntica á disposición transitoria orixinal, agás no cambio de datas. Ademais, mantén o seu carácter transitorio xa que segue a establecer un mandato nun momento determinado, sen ser un cambio permanente da lei.

Por outra banda, esta iniciativa é respectuosa coas reservas regulamentarias que se inclúen na Lei Orgánica 4/2000, xa que non existe ningunha reserva que impida, por lei, ao Goberno establecer un procedemento normativo para unha regularización. De feito, aínda que a Lei Orgánica 4/2000 especifica, até 59 veces, as materias que deben ser reguladas pola normativa, sendo na súa maior parte preceptos de materia orgánica, é só na disposición transitoria primeira onde, nun precepto co rango de lei, ordena ao Goberno desenvolver un procedemento regulador para unha regularización.

Tamén hai que destacar que o Goberno, pola súa banda, non só levou a cabo a regularización que se ordenaba pola citada disposición transitoria, senón que tamén levou a cabo unha segunda regularización, establecida na disposición transitoria do Real Decreto 2393/2004 que non obedeceu a ningún mandato xurídico. Debe entenderse que se se decretou unha regularización, sen que fose ordenada por unha norma de rango orgánico ou por unha norma ordinaria, tamén debe ser ordenada por esta iniciativa lexislativa, que ten o rango de lei.

Por último, cabe destacar que, aínda que tradicionalmente as regularizacións extraordinarias levadas a cabo polo goberno español se produciron con ocasións de cambios normativos, non existe ningún precepto legal que impida a regularización noutras circunstancias.

Por todos estes motivos, debe entenderse que esta iniciativa lexislativa popular debe ser capaz de ordenar ao Goberno establecer un procedemento regulador para a regularización extraordinaria.

Ademais, esta proposta está estreitamente aliñada con acordos e iniciativas internacionais cos que o Estado español se comprometeu solemnemente. Estes inclúen a Axenda 2030 das Nacións Unidas para o Desenvolvemento Sustentábel (Obxectivo 10), o Pacto Mundial para unha Migración Segura, Ordenada e Regular e o actual Pacto Europeo sobre Migración e Asilo, asinado en 2008. Proposta de reforma, esta última, -proposta pola Comisión Europea o 23 de setembro de 2020-. Non establece ningunha prohibición ou limitación deste tipo de procesos de

regularización, sempre que se sigan realizando caso por caso, tal e como propón esta iniciativa. Neste sentido, o comisario do Interior da Unión Europea expresou a súa competencia e conveniencia dos países que promoven procesos de regularización tendo en conta as circunstancias da pandemia.

É por iso que desde a Coordinadora Galega da ILP Regularización Xa, propoñemos ao Pleno do Concello de Santiago de Compostela que aprobe os seguintes

ACORDOS:

PRIMEIRO. Apoiar a campaña da Iniciativa Lexislativa Popular "ESENCIAIS" para a regularización extraordinaria das persoas migrantes no Estado español, co obxectivo de colaborar na súa difusión, promover a concienciación popular e apoiar a recollida de sinaturas.

SEGUNDO. Apoiar o seguinte texto articulado do proxecto de lei.

LEI QUE ESTABELECE UNHA REGULARIZACIÓN EXTRAORDINARIA PARA OS e AS ESTRANXEIRAS

Modificación da disposición transitoria primeira da Lei Orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros no Estado español e a súa integración social.

Modifícase a disposición transitoria primeira da Lei Orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades das persoas estranxeiras no Estado español e a súa integración social coa seguinte redacción:

“Disposición transitoria primeira. Regularización de estranxeiros/as que se atopen en España. O Goberno, a través do Real Decreto, establecerá, no prazo de 6 meses, un procedemento para a regularización das persoas estranxeiras que se atopen en territorio español antes do 1 de novembro de 2021.”

TERCEIRO. Trasladar o acordo plenario á Plataforma "ESENCIAIS", á Presidencia do Goberno de España, ao Congreso e ao Parlamento de Galiza.

CUARTO. Promover o compromiso do Concello de Santiago de Compostela cos dereitos e liberdades das súa veciñanza e coa loita por unha cidade e unha sociedade máis xusta, equitativa inclusiva e democrática.

QUINTO. Dar a coñecer esta moción entre a cidadanía de Santiago de Compostela a través das redes locais e das redes sociais do noso concello.”

As mocións 1, 2 e 3 son debatidas conxuntamente.

No transcurso do debate da moción que figura como núm. 4, presentada por CA e relativa ao Centro Xove da Almaciga auséntase o concelleiro don José Manuel Pichel cando son as 19.05 horas, estando ausente na votación da mesma.

Ás 19: 20 horas reincorpórase á sesión o señor Alcalde; e ás 19:25 horas o señor Pichel.

Ás 19:50 horas auséntase da sesión a concelleira dona Beatriz Cigarrán.

En relación ás mocións presentadas adoptáanse o seguintes acordos:

No tocante á moción presentada polo PP para urxir a licitación e execución da senda peonil a Figueiras e outras melloras na Aba do Pedroso, o Pleno da Corporación por 13 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras presentes dos grupos municipais do PP, de CA, do BNG e do concelleiro non adscrito (6 PP, 5 CA, 1 BNG e 1 N/A) e 7 abstencións correspondentes aos concelleiros e concelleiras presentes do grupo municipal do PSdeG-PSOE, acorda instar ao correspondente órgano do Goberno local a:

- Dirixirse á Deputación Provincial a fin de que se axilice ao máximo a licitación, adxudicación e execución do proxecto da senda peonil na DP-7803 que conecta o centro da cidade coa parroquia de Figueiras, para evitar a acumulación de novos atrasos nesta obra tan necesaria.

- Programar e executar o conxunto de melloras de competencia municipal expresadas pola asociación veciñal “Aba do Pedroso”, que se recollen na exposición de motivos desta iniciativa.

Con respecto á moción presentada polo BNG para a mellora dos servizos básicos municipais no núcleo da Aba do Pedroso, o Pleno da Corporación por 13 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras presentes dos grupos municipais do BNG, do PP, de CA e do concelleiro non adscrito (1 BNG, 6 PP, 5 CA e 1 N/A) e 7 abstencións correspondentes aos concelleiros e concelleiras presentes do grupo municipal do PSdeG-PSOE, acorda que o concello realizará os labores de mantemento que reclama a asociación veciñal Aba do Pedroso e, en colaboración coa Deputación provincial, procederá a axilizar o proxecto de reurbanización previsto para o asfaltado e dotación de beirarrúas e beiravías, ademais da necesaria e urxente substitución da canalización de abastecemento de auga na rúa dos Asidros.

Na moción presentada por CA para impulsar a senda peonil de Figueiras e acometer diferentes melloras reclamadas pola asociación veciñal Aba do Pedroso, o Pleno da Corporación por 13 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras presentes dos grupos municipais de CA, do PP, do BNG e do concelleiro non adscrito (5 CA, 6 PP, 1 BNG e 1 N/A) e 7 abstencións correspondentes aos concelleiros e concelleiras presentes do grupo municipal do PSdeG-PSOE, acorda:

1. Instar á Deputación da Coruña a executar, coa maior celeridade posible, o proxecto da Senda Peonil na DP 7803 Santiago a Figueiras entre os PQ 0+000 ao 2+560 e Ramal inicial (Santiago de Compostela), incluído no Plan de Sendas Peonís 2018, terceira fase.

2. Instar ao goberno local a acometer as melloras reclamadas pola asociación veciñal Aba do Pedroso, en particular as relacionadas coa seguridade viaria e a dotación de espazos de aparcamento; a limpeza de fincas, e a recollida do lixo.

No tocante á moción presentada por CA para impulsar de forma urxente o Plan municipal de xuventude e unha convocatoria de proxectos para desenvolvelos no Centro Xove da Almaciga, o Pleno da Corporación por 13 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras presentes dos grupos municipais de CA, do PSdeG-PSOE, do BNG e do concelleiro non adscrito (5 CA, 6 PSdeG-PSOE, 1 BNG e 1 N/A) e 6 abstencións correspondentes aos concelleiros e concelleiras

presentes do grupo municipal do PP, acorda:

1. Que o goberno facilite información escrita a todos os grupos municipais sobre o nivel de execución desagregado das partidas dependentes do Departamento de Xuventude.
2. Que o goberno transparente por escrito unha folla de ruta do Plan de Xuventude onde especifique o desenvolvemento das próximas fases planificadas.
3. Que o departamento de Xuventude publique unha convocatoria aberta de proxectos para desenvolver actividades e procesos culturais organizados por diferentes colectivos de mozas/os no Centro Xove da Almaciga durante o primeiro semestre do ano 2023.
4. Que o goberno abra un dialogo cos colectivos de xente moza para elaborar un programa formativo consensuado e ambicioso que permita a entrada actualizada dos contidos formativos no Centro Xove da Almaciga.
5. Que o goberno posibilite a publicación dun catálogo de recursos municipais para que a mocidade de Compostela poida planificar e desenvolver proxectos en rede aproveitando todo o territorio municipal sen esquecer o rural.

No tocante á moción presentada polo BNG para o urxente acondicionamento da praza da Mercé de Conxo, e tras acordarse no transcurso do debate a votación separada por puntos, o Pleno da Corporación acorda:

a) Por 13 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras presentes dos grupos municipais do BNG, do PP, de CA e do concelleiro non adscrito (1 BNG, 6 PP, 5 CA e 1 N/A) e 8 abstencións correspondentes aos concelleiros e concelleiras presentes do grupo municipal do PSdeG-PSOE, acorda instar ao correspondente órgano do Goberno local a axilizar os prazos para as necesarias obras de acondicionamento da praza da Nosa Señora da Mercé, en Conxo.

b) Por 7 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras presentes dos grupos municipais do BNG, de CA e do concelleiro non adscrito (1 BNG, 5 CA e 1 N/A), 6 votos en contra correspondentes aos concelleiros e concelleiras presentes do grupo municipal do PP, e 8 abstencións correspondentes aos concelleiros e concelleiras presentes do grupo municipal do PSdeG-PSOE, acorda instar ao correspondente órgano do Goberno local a non recepcionar as obras de integración paisaxística do Camiño Portugués no barrio de Conxo, financiado pola Xunta con máis de 2,7 millóns de euros, mentres non se corrixan todas as deficiencias detectadas.

No tocante á moción presentada por CA para que o concello e a Xunta de Galicia atendan e solucionen varias urxencias no CEIP López Ferreiro, á que presentou emenda transaccional “en voz” o grupo municipal do PSdeG-PSOE que substitúe o punto 1 do acordo da moción e despois de ser aceptada por CA, o Pleno da Corporación por unanimidade dos/as presentes, acorda instar ao Goberno local e á Consellaría de Educación da Xunta de Galicia a:

1. Acometer coa máxima urxencia as obras necesarias para arranxar as pingueiras no comedor e na Sala de Informática do CEIP López Ferreiro e ofrecer unha solución de accesibilidade na entrada da Rúa Xasmíns, co fin de mellorar a salubridade e a accesibilidade.

2. Colaborar para realizar un informe de avaliación do edificio, que con xa máis de 50 anos, conta con varias deficiencias, para posteriormente planificar e orzar as melloras e investimentos a realizar no mesmo.

Con respecto á moción conxunta presentada polos grupos municipais do BNG, de CA e do PSdeG-PSOE en relación á campaña da ILP para a regularización extraordinaria das persoas migrantes no estado español promovida pola Plataforma Esenciais, o Pleno da Corporación por 15 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras presentes dos grupos municipais do BNG, de CA, do PSdeG-PSOE e do concelleiro non adscrito (1 BNG, 5 CA, 8 PSdeG-PSOE e 1 N/A) e 5 abstencións correspondentes aos concelleiros e concelleiras presentes do grupo municipal do PP, acorda:

PRIMEIRO: Apoiar a campaña da Iniciativa Lexislativa Popular "ESENCIAIS" para a regularización extraordinaria das persoas migrantes no Estado español, co obxectivo de colaborar na súa difusión, promover a concienciación popular e apoiar a recollida de sinaturas.

SEGUNDO: Apoiar o seguinte texto articulado do proxecto de lei.

LEI QUE ESTABLECE UNHA REGULARIZACIÓN EXTRAORDINARIA PARA OS e AS ESTRANXEIRAS

Modificación da disposición transitoria primeira da Lei Orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros no Estado español e a súa integración social.

Modifícase a disposición transitoria primeira da Lei Orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades das persoas estranxeiras no Estado español e a súa integración social coa seguinte redacción:

“Disposición transitoria primeira. Regularización de estranxeiros/as que se atopen en España. O Goberno, a través do Real Decreto, establecerá, no prazo de 6 meses, un procedemento para a regularización das persoas estranxeiras que se atopen en territorio español antes do 1 de novembro de 2021.”

TERCEIRO: Trasladar o acordo plenario á Plataforma "ESENCIAIS", á Presidencia do Goberno de España, ao Congreso e ao Parlamento de Galiza.

CUARTO: Promover o compromiso do Concello de Santiago de Compostela cos dereitos e liberdades da súa veciñanza e coa loita por unha cidade e unha sociedade máis xusta, equitativa inclusiva e democrática.

QUINTO: Dar a coñecer esta moción entre a cidadanía de Santiago de Compostela a través das redes locais e das redes sociais do noso concello.

O Alcalde pecha a sesión ás 20:40 horas. Dou fe.

